



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de novembro de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e dous de novembro de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escaríz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1346).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 8 de novembro e extraordinaria e urxente do 12 de novembro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1347).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS CONCEDIDAS E DENEGADAS DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA MUNICIPAL DENDE O 01/07/18 ATA O 30/09/18. EXPTE. 153041/301.

Dáse conta do informe-proposta do 06/11/18, asinado pola diplomada en traballo Social, a xefa do servizo de Benestar Social e a concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30 de xaneiro de 2018, aprobou a adxudicación do Servizo de Teleasistencia domiciliaria municipal á entidade "EULEN, servicios sociosanitarios, S.A." (Exp. nº 148133/301).

As solicitudes de acceso foron resoltas pola Concelleira delegada de Política Social en uso das atribucións específicas conferidas e de acordo co disposto no «Regulamento do Servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo», aprobado en sesión plenaria do 31.03.2014 (BOP nº 148, do 04.08.2014).

En cumprimento do disposto no Pto. 8 do Apdo. 3º, IV, da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015), de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo, dáse conta á Xunta de Goberno Local da relación de resolucións de concesión, denegación, extinción e renuncia do servizo adoptadas pola Concelleira delegada de Política Social no período 01.07.2018 – 30.09.2018:

EXP. Nº	DNI USUARIO/A	DATA RESOLUCIÓN	RESOLUCIÓN
152305-301	15029776N	02/07/18	Concedida
157740-301	35926880Y	02/07/18	Concedida
157370-301	35915298Q	02/07/18	Concedida
156931-301	35947324A	02/07/18	Concedida
158124-301	35830975B	13/07/18	Concedida
149596-301	34425080Z	16/07/18	Concedida
156188-301	35844414H	16/07/18	Concedida
157318-301	35822630S	16/07/18	Concedida
158070-301	34440572G	16/07/18	Concedida
160772-301	35927598B	23/07/18	Concedida
157398-301	35878215D	23/07/18	Concedida
160773-301	33167368B	27/07/18	Concedida
157781-301	35879282H	27/07/18	Concedida
166836-301	35972466Y	02/08/18	Concedida
158170-301	35864967D	31/08/18	Concedida
166837-301	35908942P	31/08/18	Concedida
173802-301	09950528S	31/08/18	Concedida
166835-301	35828534P	31/08/18	Concedida
157594-301	35816253D	10/09/18	Concedida
149957-301	35526249N	10/09/18	Concedida



Concello de Vigo

157595-301	35907368K	10/09/18	Concedida
166839-301	35864121Z	10/09/18	Concedida
175177-301	34118847A	14/09/18	Concedida
174705-301	35984396E	14/09/18	Concedida
171153-301	76847443G	24/09/18	Concedida
176593-301	34664059T	24/09/18	Concedida
176543-301	35273311M	24/09/18	Concedida
176066-301	34580171Q	24/09/18	Concedida
158357-301	35890347C	28/09/18	Concedida
176222-301	35943598A	28/09/18	Concedida
176566-301	35825321S	28/09/18	Concedida
176792-301	35917031R	28/09/18	Concedida
176564-301	46007266K	28/09/18	Concedida
157110-301	35811418G	02/07/18	Denegada
157397/301	35530067N	03/07/18	Denegada
157317/301	36029133R	16/07/18	Denegada
159664/301	35956259Z	23/07/18	Denegada
115245/301	35928311B	27/07/18	Extinción
168711/301	35180623F	27/07/18	Extinción
57889/301	35942769W	27/07/18	Extinción
96320/301	34430140Z	27/07/18	Extinción
119718/301	35942265G	27/07/18	Extinción
166840/301	35933493H	02/08/18	Denegada
161056/301	14111502J	02/08/18	Denegada
158125/301	33070211Y	02/08/18	Denegada
148975/301	35878186A	02/08/18	Denegada
160455/301	35537407S	31/08/18	Denegada
146400/301	35990471W	13/09/18	Denegada

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(1348).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL NOS MESES DE: ABRIL-OUTUBRO 2018. EXPTE.178517/301.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/11/18, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, co conforme da concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: abril-outubro 2018

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 2310 / 2017

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
30/04/2018	Traballos mantemento UBAS	2120000	201800039895	1.415,70	MARS, MANTENIMIENTO RECUPEARACION Y SERVICIOS
29/08/2018	Suministro e colocación extintores no CIIES	2120000	201800070198	643,12	SEGURIDAD FIRE-SAFE NOROESTE S.L.
04/09/18	Suministro fundas e colchons anti-chinches CIIES	2219900	201800071371	1.801,73	GMB INTERNACIONAL S.A.
19/06/2018	Notificacions postais	2230000	201800052232	8.472,42	CORREO INTELIGENTE POSTAL S.L.
09/05/2018	Impresion, manipulacion tripticos AMES	2260200	201800042886	2.841,99	IMPRESIONES CREATIVA PAPAGAYO S.L.
07/05/2018	Emission tarxetas pago Bono-Taxi	2279900	201800035912	2.500,00	CORPORACION BANCARIA S.A.
07/09/2018	Destrucción puntual documentación	2279900	201800072838	242,00	DESTRUDAT, S.L.



Concello de Vigo

29/05/2018	Formación extranjeria PLDA	2279908	201800046506	225,00	FUNDACIÓN RONSEL
26/06/2018	Curso perspectiva de xénero PLDA	2279908	201800055471	1.133,00	VIAXES AIRBUS GALICIA S.A.
10/07/2018	Xestión desenvolvemento xornada	2279908	201800058116	2.627,27	EXPOSICIONES Y CONGRESOS S.L.
05/10/2018	Realización estudo e análise consumo	2279908	201800080105	18.029,00	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
27/04/2018	Programa ME MUEVO	2279909	201800035911	6.010,12	ASOC. SINDROME DE DOWN
27/04/2018	Reserva 4 prazas centro DOA	2279909	201800037256	7.000,00	ASO. DOA SAUDE MENTAL
08/06/2018	Actividades formación campaña Impórtanos	2279909	201800043255	7.926,90	FUNDACIÓN ENTRE-CULTURAS FE Y ALEGRIA
01/06/2018	Transporte usuarios divirte no verán	2279909	201800047181	3.750,00	CENTRAL RADIOTAXI
04/07/2018	Ciclo cine aire libre campaña Impórtanos	2279909	201800056765	3.073,00	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(1349).- PROPOSTA DE INADMISIÓN DE RECLAMACIONES PRESENTADAS AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PUBLICO LOCAL” PARA O EJERCICIO 2019. EXPTE. 2491/500.

Visto o ditame do Tribunal Económico-Administrativo de data 6/11/18, dáse conta do informe-proposta do 19/11/18, asinado pola directora de Ingresos, a xefa da Inspección de Tributos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo prevé o artigo 17.1 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, no trámite de exposición pública, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as “reclamacións” que estimen oportunas. No artigo 18 do mesmo texto legal considéranse “interesados” a quen teñan un interese directo ou resulten afectados por tales acordos así como a determinadas entidades que actúen en defensa de intereses profesionais, económicos ou veciñais.

Para que as obxeccións plantexadas aos acordos de aprobación provisional teñan a condición de “reclamación” requírese, ademais de ser presentada por persoa “interesada”, a concorrencia de dúas circunstancias: que plantee cuestións de legalidade e non de oportunidade e que veña referida a un texto aprobado ou modificado.

I. D. Fernando Moreiras Corral, como presidente da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello presenta con data 17 de outubro de 2018 escrito en documento 180167187 en relación ao acordo provisional de modificación da ordenanza fiscal nº 30 expediente 2491/500 suxerindo a introdución dunha exención para os aproveitamentos especiais da vía pública no Casco Vello sinalados no Apartado b) do artigo 1 da Ordenanza.

Presenta con data 18 de outubro de 2018 doc. 180167926 no que suxire unha bonificación do 90% na taxa de recollida do Lixo para determinados negocios radicados no Casco Vello. A Ordenanza Fiscal da taxa da recollida do lixo non resultou modificada no Acordo Plenario de 5 de setembro de 2018 e, consecuentemente non pode ser obxecto de reclamación. Constitúen, en calquera caso, dúas suxerencias polo que ningún dos dous escritos pode ser considerado “reclamación” nos termos anteriormente aludidos dos artigos 17 e 18 do TRLRFL, polo que debe declararse a súa “inadmisión”.

II. D. Xabier Pérez Iglesias, como responsable de Acción Social do BNG en Vigo, presenta “escrito de reclamacións e suxestións” con data 28 de outubro. No seu escrito propón un incremento do 100% na tarifa A.5 da ordenanza referida á aproveitamentos especiais con caixeiros automáticos. Constitúe unha suxerencia pero non un cuestionamento de legalidade e a súa proposta non pode ser considerada “reclamación” nos termos anteriormente aludidos dos artigos 17 e 18 do TRLRFL, polo que debe declararse a súa “inadmisión”.

III. D^a. Francisca Hernandez Amezcua, en nome de ORANGE España Comunicaciones Fijas S.L. presenta escrito de alegacións con data 29 de outubro de 2018 no que plantea a improcedencia de aprobar definitivamente a presente modificación fiscal por motivo dunha cuestión prexudicial planteada polo Tribunal Supremo mediante auto de 12 de xullo de 2018.



Concello de Vigo

Fundamenta a entidade alegante en motivos de prudencia, a súa petición. Sen embargo esa mesma prudencia e responsabilidade obriga á entidade municipal titular do dominio publico local a aprobar un instrumento normativo que permita gravar ás empresas ou entidades que realizan un aproveitamento especial ou utilización privativa do citado dominio público.

Constitúe unha suxerencia pero non un cuestionamento de legalidade e a súa proposta non pode ser considerada “reclamación” nos termos anteriormente aludidos dos artigos 17 e 18 do TRLRFL, polo que debe declararse a súa “inadmisión”.

IV. Con sinatura ilexible presenta escrito-reclamación LAPATIAN S.L. manifestando oposición ás cotas do epígrafe B) valados, puntais, andamios e outras instalacións análogas. As citadas cotas non están incluídas no acordo de aprobación provisional de data 5 de setembro de 2018 exposto ao público para presentación de reclamacións. En consecuencia, o contido do escrito non se refire a un texto modificado no acordo plenario de 5 de setembro de 2018 polo que debe declararse a súa “inadmisión”.

Non obstante o anterior, para maior claridade e solvencia do expediente, informase o seguinte sobre o cuestionamento de legalidade que realiza no escrito doc. 180160461 que se “inadmite”:

«O artigo 4 da ordenanza fiscal nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio publico local é perfectamente legal e acorde co disposto no artigo 24 do RDL 2/2004 que aproba o TRLRFL» .

O artigo 24.1. da citada norma legal establece unha serie de regras para a determinación do importe das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico local. Dispón que *“a regra xeral para a determinación da cota tributaria é tomar **como referencia** o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio publico”*.

Como primeira cuestión constatamos que debe tomarse a utilidade derivada do aproveitamento *«**como referencia**»*, non en términos exactos ou matemáticos. Ademais do anterior poderíamos dicir, dende un punto de vista estritamente económico, que o valor da utilidade do aproveitamento da vía publica para unha empresa que non pode desenvolver a súa actividade sen o citado aproveitamento de solo público, *«podería considerarse infinito»*.

O propio TRLRFL resulta clarificador respecto da estimación do valor do aproveitamento ao dicir *“as ordenanzas fiscais poderán sinalar en cada caso, **atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial de que se trate**, os criterios e parámetros que permitan definir o valor de mercado da utilidade derivada”* .

Segundo o anterior, resulta perfectamente legal a determinación dun *«**valor de referencia**»* distinto segundo se trate, dun tipo de aproveitamento ou doutro; por exemplo poden considerarse cotas diferentes para ocupación cun andamio, cun vado permanente, cun posto de venda de castañas, etc...

Segundo o propio artigo 24.3: *“para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas”*.

Da mesma forma, resulta perfectamente legal establecer unha mesma tarifa para unha rúa de primeira e para unha rúa de segunda categoría no caso de ocupación con andamios se, como sucede no noso concello, se pondera especialmente neste tipo de ocupación, **o valor da incomodidade e da seguridade dos viandantes.**

A equiparación de tarifas entre primeira e segunda categoría así como terceira e cuarta foi realizada para as “ocupacións con valados e andamios” por acordo plenario de 27 de setembro de 2004. Este criterio nunca foi modificado nin pode ser obxecto de reclamación directa contra a ordenanza no tramite de exposición pública da modificación para o exercicio 2019. Sométese a exposición pública e trámite de reclamacións o proxecto modificador aprobado en sesión plenaria de 5 de setembro pero non o texto da ordenanza que permanece invariable e vixente.

Naquel acordo plenario de 27 de setembro de 2004 substituíuse a regulación de tarifa/ m2 por quincena ou fracción por unha nova de tarifa/m2 por día ou fracción coa finalidade de dar un plus de valor á incomodidade e a inseguridade ocasionadas aos peóns con motivo da existencia dun andamio na beirarrúa. Con esta nova tarifa pretendíase e preténdese que as empresas que ocupan a beirarrúa con valados e andamios estean aínda máis interesadas en reducir o tempo de ocupación ao mínimo imprescindible.

Todo o anterior resulta perfectamente referendado por xurisprudencia do Tribunal Supremo. En particular, relátase a continuación o fundamento de dereito QUINTO da sentenza 1150/2016 de data 20 de maio de 2016 recaída en recurso de casación nº 3937/2014: *“a determinación do valor de mercado da utilidade derivada do aproveitamento do dominio publico local non pode efectuarse en términos matemáticos, absolutamente precisos; só é posible efectuala en términos estimativos ou ponderativos...”*

A equiparación de tarifas entre primeira e segunda categoría resulta coherente co valor que se da na ocupación das beirarrúas con andamios, ás incomodidades e inseguridades dos peóns:

En primeira categoría o valor de mercado é superior pero o ancho das beirarrúas normalmente permite a circulación de peóns fora da ocupación co andamio, mentres que en segunda categoría, con anchos de beirarrúa menores, os peóns están obrigados a circular baixo aquel.

Estas realidade de sentido contrario xustifican perfectamente cotas idénticas para ocupacións con andamios en primeira e segunda categoría.

Á vista do exposto anteriormente sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Declarar a inadmisión dos escritos presentados por Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello, documentos 180167187 e 180167926. Bloque Nacionalista Galego en documento 180173021. ORANGE España Comunicaciones Fijas S.L. en documento 180174036 e LAPATIAN S.L. en documento 180160461 e en consecuencia, considerar aprobada definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio publico local para o exercicio 2019, con efectos 30 de outubro de 2018.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

5(1350).- INADMISIÓN DE RECLAMACIÓN PRESENTADA AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA “ORDENANZA FISCAL XERAL” PARA O EXERCICIO 2019 E PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 2488/500.

Visto o ditame do Tribunal Económico-Administrativo de data 6/11/18, dáse conta do informe-proposta do 19/11/18, asinado pola directora de Ingresos, a xefa da Inspección de Tributos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo prevé o artigo 17.1 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, no trámite de exposición pública, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as “reclamacións” que estimen oportunas. No artigo 18 do mesmo texto legal considéranse “interesados” a quen teñan un interese directo ou resulten afectados por tales acordos así como a determinadas entidades que actúen en defensa de intereses profesionais, económicos ou veciñais.

Para que as obxeccións plantexadas aos acordos de aprobación provisional teñan a condición de “reclamación” requírese, ademais de ser presentada por persoa “interesada”, a concurrencia de dúas circunstancias: que plantee cuestións de legalidade e non de oportunidade e que veña referida a un texto aprobado ou modificado.

D. Xabier Perez Iglesias, como responsable de Acción Social do BNG en Vigo, presenta “escrito de reclamacións e suxestións” e “Addenda rectificativa” con datas 28 e 29 de outubro respectivamente.

No seus escritos propón a eliminación de xuros nas concesións de aprazamento ou fraccionamento sen que poida atenderse por vulnerar o principio de reserva de lei en materia tributaria. Realiza, ademais, unha serie de propostas que caen no ámbito de medidas de oportunidade pero non de legalidade: actualización dos importes de ingresos brutos per capita para aplicación de exencións e bonificacións.

Por outro lado, realiza suxestións a ordenanzas fiscais que non foron obxecto de modificación, ou cuestionan preceptos non modificados no acordo plenario de 5 de setembro de 2018 en expedientes de adaptación de textos de ordenanzas reguladoras de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.

Segundo o anterior, ningún dos dous escritos presentados en relación ao acordo provisional de data 5 de setembro de 2018 de “modificación de Ordenanzas fiscais para 2019” poden ser “considerados reclamación” nos termos anteriormente aludidos dos artigos 17 e 18 do TRLRFL, polo que debe declararse a súa “inadmisión”.

Á vista do exposto anteriormente sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

1) Dar conta a esa Xunta de Goberno Local que, por non terense presentado “reclamacións e suxerencias” resultan aprobadas definitivamente con data 30 de outubro de 2018:

- Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais á nova redacción do artigo 20 do TRLRFL que estará vixente a partir do 9 de marzo de 2018 segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público”.
- Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos á nova redacción do artigo 20 do TRLRFL que estará vixente a partir do 9 de marzo de 2018, segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público”.

2) Dar conta a esa Xunta de Goberno Local que, por non terense presentado “reclamacións” resulta aprobada definitivamente con data 30 de outubro de 2018 a “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica” para o exercicio 2019.

3) Declarar a inadmisión dos escritos presentados polo Bloque Nacionalista Galego en documentos 180173021 e 180173859 en relación á modificación da ordenanza fiscal xeral para 2019 e en consecuencia, considerar aprobada definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal Xeral para 2019 con efectos de 30 de outubro de 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

6(1351).- SOLICITUDE DE GASTO COMPLEMENTARIO DO RC EMITIDO EN DATA 22/01/18 POR IMPORTE INICIAL DE 12.000,00 € PARA O PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO - ANO 2018. EXPTE. 8203/224.

Visto o informe de fiscalización de data 15/11/18, dáse conta do informe-proposta do 13/11/18, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo, a concelleira-delegada da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 25.01.2018 aprobou o seguinte acordo:

1º. Aprobado o «Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2018 » que se recollen no Anexo I do expediente 8203/224.

2º Autorizar o gasto por importe de 12.000,00 Euros (doce mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311 480.00.00 do orzamento vixente, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

3º Aprobación do texto da convocatoria do programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero durante o exercicio 2018 e do extracto da mesma, (Anexos II e III) que se remitirán



Concello de Vigo

á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base o establecido na Resolución de 10 de decembro da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

4º.-Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 12.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia M^a Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.”

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica puntual, non periódica, que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

No uso das competencias que lle atribúe o Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, a Concelleira de igualdade ten a facultade de conceder as axudas, previa conformidade da xefa do servizo.

As axudas económicas que se concederon ao abeiro desta convocatoria tiveron carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas derivadas da situación de violencia de xénero valorada e acreditada polo equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo. Durante o ano 2018 foron beneficiarias destas axudas un total de 23 mulleres, e a concesión axustouse á partida presupostaria “Bolsas económicas” 2311- 4800000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e ao importe de 12.000,00 €. En data 22.01.2018 Intervención Xeral de Fondos emitiu unha Retención de Crédito con nº 201800010000 por importe de 12.000,00 € para facer fronte ao devandito gasto.

Non obstante, produciuse un incremento da demanda que fai necesario solicitar un aumento na retención de crédito deste programa que permita tramitar as concesións de axudas ás posibles beneficiarias que valore o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) no período que resta para finalizar o presente exercicio.

Por isto, solicítase unha retención de crédito complementaria ao RC nº 10000 por importe de 2.000,00 € (saldo dispoñible na partida 2311- 480.00.00) contía que desde o equipo técnico do CMIDM consideran suficiente para facer fronte á demanda no período que falta ata a finalización do ano 2018.

A concesión destas axudas tramitaranse de acordo cos criterios establecidos no marco de actuación aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 25.01.2018.

Atendendo á instrución 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaría: "Bolsas económicas" 2311-480.00.00, tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirva como exemplo: 5272/224 do 2012 e 5793/224 de 2013. Polo exposto anteriormente xustifícase a continuidade que require a norma.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local:

"1º. Autorizar un gasto complementario do RC nº 201800010000 (tramitado en data 22.01.2018 por importe inicial de 12.000,00 €) por importe de 2.000,00 Euros (dous mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria "Bolsas económicas" 23114800000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero no período que resta para finalizar o exercicio 2018.

2º.-Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 2.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia Mª Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1352).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A RESOLUCIÓN DO CONSELLEIRO DE SANIDADE DESESTIMATORIA DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO SANCIONADOR Ó Ó MESMO POR INFRACCIÓN EN MATERIA SANITARIA DA AUGA DE CONSUMO HUMANO (S/RFCIA. 2018022AM-PO). EXPTE. 4743/313.

Visto o informe xurídico de data 14/11/18, dáse conta do informe-proposta do 16/11/18, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira delegada de Área, que di o seguinte:

1.- O xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, en data do 7 de novembro de 2018, emitiu o seguinte informe proposta:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

I.- Con data 04/07/2018 (DOC nº 180104846), tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, notificación da resolución do director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade de data 25 de xuño de 2018, ditada no procedemento sancionador ó Concello de Vigo por infracción en materia sanitaria da auga de consumo humano con **RFCA. 2018022AM-PO**, na que resolve:

“Impoñer ao Concello de Vigo, titular da rede de distribución de auga de consumo humano no seu termo municipal, unha sanción de multa por importe de vinte e un mil cincocentos vinte euros con vinte e seis céntimos (21.520,26€), de conformidade cos feitos e fundamentos xurídicos contidos na presente resolución”.

II.- Con data 03/08/18, a concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, tralo acordo da Xunta de Goberno Local do 02/08/2018, formaliza a interposición de recurso de alzada ante o conselleiro de Sanidade contra a citada resolución.

III.- En data 25/10/2018 (DOC. 180171559), ten entrada no Concello de Vigo, resolución do conselleiro de Sanidade de data 23 de outubro de 2018, polo que desestima o recurso de alzada interposto polo Concello de Vigo, titular da rede de distribución de auga de consumo humano no seu termo municipal, contra resolución do director xeral de Saúde Pública de data 25/06/2018, confirmando integramente a resolución recorrida.

Achega coa citada resolución, carta de pagamento da sanción por importe de 21.510,26 euros en período voluntaria.

Conforme a normativa tributaria o prazo para facer efectivo o pagamento en vía voluntaria remata o día 5 de decembro de 2018.

IV.- A citada resolución é susceptible de ser impugnada a medio de recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo, demarcación de Vigo ou de Santiago de Compostela a elección desta Administración municipal, que deberá formularse no prazo de dous meses a partir do día seguinte á notificación da resolución do recurso de alzada (25/10/2018), ao abeiro do establecido nos artigos 8.2.b), 14.1.Segunda, 25.1., 46.1. da Lei 29/1998, de 13 de xullo, regulada da xurisdición contencioso administrativa.

III.- Analizada a citada resolución e aos efectos de decidir sobre a impugnación ou non desta, realízanse as seguintes

CONSIDERACIÓNS DE FEITO E DEREITO

Primeira.- Os feitos, tipificación de infraccións e sancións contidos na resolución sancionadora son, de modo sucinto:

a) Infracción graves:

1.- Ausencia de certificación/acreditación do Laboratorio municipal que esixe o artigo 16 do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade de auga de consumo humano.

Tipificada como infracción administrativa grave artigo 35.B.2. da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e 42.e) da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Sanción de 6.010,13 euros (grao mínimo, pero na contía máxima dese grao: grao mínimo de 3.005,07 a 6.0010,12 euros) artigo 44 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

2.- Pola falta de determinación de metais nas analíticas de control que aparece prevista no artigo 20 do Rd 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade de auga de consumo humano.

Tipificada como infracción administrativa grave artigo 35.B.2. da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e 42.e) da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Sanción de 6.010,13 euros (grao mínimo, pero na contía máxima dese grao: grao mínimo de 3.005,07 a 6.0010,12 euros) artigo 44 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

3.- Pola ausencia de notificación á autoridade sanitaria dos supostos constatados de auga non apta para o consumo que aparece prevista no artigo 27 do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade de auga de consumo humano.

Tipificada como infracción administrativa grave artigo 35.B.2. da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e 42.e) da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Sanción de 8.000 euros (grao medio, pero na contía media dese grao: grao medio de 6.010,13 a 10.517,71 euros) artigo 44 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

b) Infracción leve:

Non dispoñibilidade das analíticas de control na billa do consumidor da ZA Eiras-Zamáns, no Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo (SINAC) que aparece prevista no artigo 17.3 do Rd 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade de auga de consumo humano.

Tipificada como infracción administrativa leve artigo 35.A.1. da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e 41.a) da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Sanción de 1.500 euros (grao medio, pero na contía media dese grao: grao medio de 601,02 a 1.803,04€) artigo 44 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Segunda.- Sobre a ausencia de certificación/acreditación do Laboratorio municipal que se tipifica como infracción grave e que se sanciona con 6.010,13 euros (grao mínimo, pero na contía máxima dese grao: grao mínimo de 3.005,07 a 6.0010,12 euros).

Os feitos, tipificación da infracción e sanción mantivéronse pola administración sancionadora ao longo de todo o procedemento, tanto na fase de instrución como na fase de revisión impugnatoria en vía administrativa.

Efectivamente, o Concello de Vigo non dispoñía da citada certificación e acreditación, pero a xuízo do técnico que subscribe, non se comparten as argumentacións da Consellería de



Concello de Vigo

Sanidade para tipificar a conduta como unha infracción grave e a contía da sanción toda vez que:

Négase como quedou probado coa DOCUMENTAL 7, 8, 9, 10, 11 e 33 achegada co escrito de alegacións á resolución de incoación do procedemento sancionador que a “A actitude do Concello de Vigo non foi un incumprimento puntual, facendo caso omiso das advertencias feitas pola Autoridade Sanidade, recoñecemento expresamente a ausencia de acreditación dende o ano 2011”.

En efecto, o Concello de Vigo: Laboratorio Municipal sempre tentou realizar tódolos trámites internos para a súa acreditación e proba disto son os distintos contratos realizados con entidades acreditadas ou especializadas na acreditación como se probou.

Ademais, este Laboratorio Municipal si tiña implementado desde hai anos uns sistemas de aseguramento da calidade, rexistro de mostras no programa informativo Oralíms propio de análise de laboratorios, realización de intercomparativos anuais, tanto na Área de Físico Química coma na Área de Microbioloxía do Laboratorio Municipal que permiten garantir a calidade dos seus resultados (Achegábanse contratos realizados no ano 2016 e 2017, coas entidades acreditadas para ditos controis como DOCUMENTO 8 daquel escrito de alegacións).

No ano 2017, O Concello de Vigo: Laboratorio Municipal iniciou un novo procedemento de adaptación de toda a documentación que tiña redactada para cumprir coa UNE-ISO/IEC 17025 para obter a certificación UNE-EN ISO 9001, achegábase contrato realizado coa entidade GSC como DOCUMENTO 9 daquel escrito.

O Concello de Vigo: Área de Medio Ambiente e Vida Saudable: Laboratorio Municipal en data do 23/01/2018, contratou á entidade LGAI TECHNOLOGICAL CENTER, S.A. (CIF A-63207492), entidade acreditada por ENAC, para a CERTIFICACIÓN do cumprimento do sistema de calidade segundo norma UNE EN ISO 9001 para as actividades de: “TOMA DE MOSTRAS E ANÁLISE DE PARÁMETROS FÍSICO QUÍMICOS E MICROBIOLÓXICOS EN AUGAS DESTINADAS Ó CONSUMO HUMANO E CONTINENTAIS” que realice o Laboratorio Municipal do Concello de Vigo (Achegábase contrato como DOCUMENTO 10 no escrito previo de alegacións)

A Entidade LGAI TECHNOLOGICAL CENTER, S.A. emitiu INFORME DE AUDITORÍA cun resultado de NINGUNHA NON CONFORMIDADE, por tanto, FAVORABLE para a emisión da referida CERTIFICACIÓN UNE-EN ISO 9001 conforme ao esixido no artigo 16.2. do Rd 140/2003, de 7 de febreiro (Achegábase o informe como DOCUMENTO 11 daquel escrito de alegacións a resolución de incoación).

Por tanto, é innegable a actuación municipal realizada durante o ano 2017, tendende a acreditación do Laboratorio Municipal do Concello de Vigo, proba délo é a certificación acreditativa achegada como DOCUMENTO 33 no escrito de alegacións á proposta de incoación:

“Certificación núm. EC-9351/18, LGAI Technological Center, S.A. -entidade certificada por ENAC-, certifica que o sistema de Xestión da Calidade da organización: Laboratorio Municipal de Vigo (LAMUVI), Concello de Vigo, Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable, para as actividades de: Toma de mostras e análise de parámetros físico-químicos e microbiolóxicos en augas destinadas ó consumo humano e

continentais, é conforme cos requisitos da norma UNE-EN ISO 9001:2015; Emisión Inicial: 09/02/2018; Caducidade: 08/02/2021”

e que evidencia que o Concello de Vigo implantou ao longo do ano 2017, o sistema de calidade esixido pola norma UNE EN ISO 9001 para as actividades de: “toma de mostras e análise de parámetros físico químicos e microbiolóxicos en augas destinadas ó consumo humano e continentais” conforme ó establecido no artigo 16.2. do Rd 140/2003, de 7 de febreiro, noutro caso, resulta evidente, que non se tería obtido a dita certificación en febreiro de 2018, no ben entendido que xa tiña implementados sistemas de aseguramento da calidade quedou demostra coa documental antes citada.

O Concello de Vigo: Laboratorio Municipal cumpriu cos requisitos precisos para obter a dita CERTIFICACIÓN conforme ó artigo 16.2. do Rd 140/2003, de 7 de febreiro.

Por tanto, néganse os feitos contidos na resolución do procedemento sancionador de que o Concello de Vigo: Laboratorio municipal fixo caso omiso o requirimento no que se lle esixía a súa certificación, xa que ante o requirimento da Consellería de Sanidade levou a cabo actuacións tendente a obter dita certificación/acreditación e, é máis, como xa se tiña indicado á Consellería de Sanidade viña asegurando os resultados anualmente con intercomparativos acreditativos das técnicas analíticas utilizadas

De facto, o Concello de Vigo: Laboratorio municipal dispón da correspondente certificación CERTIFICACIÓN UNE-EN ISO 9001 conforme ao esixido no artigo 16.2. do Rd 140/2003, de 7 de febreiro, tal e como acreditaba a documental aportada, dende febreiro de 2018 e iso é posible, nin máis nin menos, porque se tiñan realizado todas as actuacións tendentes a súa obtención.

Non existiu, por tanto, ningún tipo de intencionalidade na comisión da presunta infracción actuando sempre con boa fé lealdade institucional e, é máis, as actuacións municipais sempre foron tendentes á implantación de sistemas de calidade e control; nin existiu negligencia grave, nin moito menos existiu risco sanitario tendo en consideración o alcance das analíticas que se realizan no Laboratorio municipal referidas única e exclusivamente ás da billa do consumidor -tendentes a comprobar o estado das instalacións interiores das edificacións- e a escasa relevancia de control que a propia regulación lle outorgan atendendo ó número mínimo de analíticas esixido polo Rd. 140/2003, de 7 de febreiro, na billa do consumidor (122 móstreos anuais, o que representa un 10-11 mostras por mes na billa do consumidor) fronte ó verdadeiro autocontrol que se leva a cabo na rede de abastecemento e como xa se indicou nas alegacións previas anteriormente citadas.

Considerar que dita conduta constituíu unha infracción grave e aplicar a sanción aínda que mínima, na súa metade superior, é totalmente desproporcionado.

Polo exposto, a tipificación dunha infracción grave – e aínda que mínima na súa metade superior- por ausencia de certificación/acreditación do Laboratorio municipal resulta totalmente desproporcionada, antixurídica e, en todo caso, nestas datas a dita certificación xa está expedita polo que a dita conduta non debería ser constitutiva de ningún tipo de sanción.



Concello de Vigo

Terceira.- Sobre a falta de determinación de metais nas analíticas de control que se tipifica como infracción grave e que se sanciona con 6.010,13 euros (grao mínimo, pero na contía máxima dese grao: grao mínimo de 3.005,07 a 6.0010,12 euros).

Os feitos, tipificación da infracción e sanción mantíveronse pola administración sancionadora ao longo de todo o procedemento, tanto na fase de instrución como na fase de revisión impugnatoria en vía administrativa.

Sostén a resolución da Consellería de Sanidade que os documentos ou boletíns analíticos emitidos polo Laboratorio municipal son válidos aínda que sexan emitidos por un laboratorio non acreditado/homologado.

Por tanto, a resolución considera probado a falta de determinación de metais nas analíticas de control, a reiteración na actitude do Concello de non determinar os metais nas analíticas de control o que xustifica a tipificación da infracción como grave

O técnico que subscribe tampouco comparte resolto toda vez que:

1.- Reitérase a incongruencia xurídica que anula a existencia de proba de cargo válida

Non se comparten as argumentacións da resolución vertidas en relación con este extremo. Se o artigo 16.2. do Rd 140/2003, de 7 de febreiro, esixe que o Laboratorio Municipal estea certificado/acreditado para realizar as analíticas e o incumprimento de tal feito e cualificado -segundo a propia resolución- como unha infracción grave resulta evidente que tal certificación/acreditación é un “requisito sine qua non” que afecta á propia esencia do documento analítico emitido polo Laboratorio municipal.

As afirmacións da resolución da Consellería de Sanidade de que esta argumentación podería operar como “eximente” do resto de infraccións e que sería tanto como dicir “como non teño carné de conducir, non me poden sancionar por conducir un coche”, ou “como o meu establecemento non está inscrito no REGASA, non poden sancionarme por deficiencias hixiénico-sanitarias (...)”, non se comparten.

Arguméntanse, tamén, na resolución que “os boletíns de análise non son “nulos” como pretende o Concello, senón que están emitidos por unha entidade non acreditada pero conforme a métodos de ensaio contratados (...)”, o que evidencia unha total arbitrariedade na resolución, xa que primeiro considera unha infracción grave que non estea o Laboratorio do Concello de Vigo acreditado/homologado manifestando que o Concello de Vigo “fixo caso omiso as advertencias feitas pola Autorizada Sanitaria” para considerar a sanción como grave e, por outra, valida os métodos de ensaio do Laboratorio municipal -descoñécese quen lles comunicou cales eran os métodos de ensaio utilizados-.

O feito é que, no presente caso, o órgano que resolve considera como feitos que se encadran dentro dos presuposto de feito constitutivo de infracción que “os documentos de boletíns ou informes analíticos realizados polo Laboratorio Municipal non determinan metais” e se resulta que eses documentos non son válidos xa que os emite un organismo non homologado, é dicir, que carece do requisito de acreditación/validación esixido para a súa emisión resulta evidente que non se pode discutir o seu contido.

Non se trata de actos distintos como puidera ser “non ter carné”, “cometer unha infracción de tráfico co coche”; senón que a propia ausencia de certificación/acreditación do órgano que emite o documento analítico supón que non se poda discutir o seu contido xa que o documento adoece dos requisitos esenciais para a súa validez.

Estamos a sancionar uns feitos cales son que nos propios boletíns ou informes analíticos non se determinan os metais, cando os propios boletíns e informes son emitidos por un Laboratorio non acreditado/non homologado e, por tanto, non sería válidos.

É mais, se dita falla de control é grave, foi considerada como “unha infracción administrativa grave”, será porque supón que a acreditación/certificación esixida polo citado artigo 16.1 do Rd é requisito esencial, para que os documentos analíticos emitidos polo Concello de Vigo: Laboratorio municipal sexan válidos e, por tanto, non se podería entrar a discutir o seu contido, nin a entrar a valorar a súa correcta ou incorrecta realización, nin os parámetros analíticos obxecto do seu control, nin se foron comunicados.

Existe unha evidente contradición ou incongruencia xurídica na tipificación de ámbalas dúas infraccións, que negan a existencia de proba de cargo válida que ampare ámbalas dúas infraccións.

Polo exposto, a nulidade dos propios documentos analíticos realizadas conleva a inexistencia do presuposto de feito constitutivo da infracción obxecto desta sanción.

2.- Subsidiariamente, esta a parte segue a negar os feitos da resolución de “falla de determinación de metais nas analíticas de control”,

Cómpre deixar ben claro que os referidos feitos constitutivos de infracción refírense única e exclusivamente as “analíticas de control na billa do consumidor que corresponde ó Concello de Vigo” a que se refire o artigo 20 do Real decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade de auga de consumo humano, tendende a comprobar as “instalacións interiores das edificacións”. Non estamos a falar, por tanto, nin do AUTOCONTROL da calidade da auga na ETAP, nin na rede de distribución que corresponde ó xestor -entidade concesionaria do servizo público de abastecemento, FCC Aqualia Vigo UTE, - baixo a supervisión da AUTORIZADE SANITARIA – Consellería de Sanidade-

Reitérase o escrito do Concello de Vigo de data 12.05.2016 en contestación ó requirimento da xefa territorial da Consellería Sanidade de data 27.04.2016 que se recolle no apartado de “FEITOS. Segundo” da resolución.

En efecto, no punto 2. do dito escrito indicábase que:

“Os parámetros: cor, olor e cloro combinado residual sempre se viñan realizando, aínda que só se facían constar nos informes de resultados naqueles casos nos que se detectaba algunha incidencia. A partir da mostraxe de abril estanse a incluír estes parámetros xunto con algúns metais para o control dos materiais de instalación interior”.

Reitérase que en todos os boletíns analíticos remitidos polo Laboratorio municipal á xefatura territorial da Consellería de Sanidade indicábase os resultados daqueles parámetros e dal-



Concello de Vigo

gúns metais (como proban os boletíns analíticos que se achegaban como DOCUMENTOS 13 a 26 do escrito de alegación ó acordo de incoación).

E, en todo caso, o artigo 20.2.j) do Real decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade de auga de consumo humano indica que os parámetros a controlar na billa do consumidor son:

“a) Olor; b) Sabor; c) Color; d) Turbidez; e) Condutividade; f) pH; g) Amonio; h) Bacterias coliformes; i) Escherichia coli (E. Coli);
j) Cobre, cromo, níquel, ferro, chumbo ou outro parámetro: cando se sospeite que a instalación interior ten este tipo de material instalado;
k) Cloro libre residual y/o cloro combinado residual: cando se utilice cloro ou os seus derivados para o tratamento de potabilización da auga”

Por tanto, os parámetros de “cor, olor e cloro combinado residual” foron incluídos en todos os boletíns analíticos cumprindo co esixido pola propia Conselleira, mentres que os de metais non en todos os boletíns foron reflectidos xa que conforme á norma citada tampouco é esixida en todos os suposto.

A norma antes citada esixe que se controle un determinado metal “cando se sospeite que a instalación interior ten ese tipo de material instalado”. Por tanto, se a Consellería de Sanidade sanciona ó Concello de Vigo por non ter controlado o parámetro de metais, debera determinar en que analíticas era esixido e non se fixo, e limitouse a facer unha afirmación xenérica carente de proba ningunha.

En todo caso, a xefatura territorial da Consellería de Sanidade en Pontevedra dentro da súa labor de vixilancia debeu advertir ó Concello de Vigo a necesidade de realizar “controis de metais” en todas as analíticas, máxime cando dunha forma constante se lle ían remitindo todos os boletíns como quedou probado coa documental remitida.

Os boletíns analíticos correspondente ó ano 2017 están debidamente rexistrados no programa informático Oralims e firmados mediante sinatura electrónica xa que foi implantada a coezos dese ano para estas actuacións.

Os resultados analíticos correspondente o ano 2016 están debidamente rexistrado na aplicación informática Oralims, soporte dixital que garda os datos de todos os boletíns analíticos realizados no Laboratorio Municipal.

Os boletíns analíticos do ano 2016 remitidos, son por tanto, unha copia dos que constan no soporte informático ORALIMS ó cal tiveron acceso as Inspectoras de Sanidade cando levantaron a oportuna acta de inspección e cuxos datos se reflecten nesta a pesar de obterse do programa informático no que non están asinados.

As ditas inspectoras reflecten na súa acta de inspección os resultados que constan nese sistema informativo -non analizaron ningún boletín en papel firmado-. Por tanto os boletíns analíticos remitidos do ano 2016 son fiel reflexo dos datos que obran nese programa informático como puideron constatar as inspectoras que levantaron a acta de inspección sanitaria ó Concello.

En todo caso, diante de cada remesa de remisión de boletíns á xefatura territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, figura un oficio debidamente asinado da Directora do Laboratorio Municipal no que se reflicte o numero de boletín que resulta inmutable dentro do programa informático.

Os boletíns analíticos e oficios da Directora do Laboratorio Municipal que achegaban os diversos boletíns a esa xefatura territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia estaban debidamente asinados como pode comprobar esa Consellería na documentación recibida.

Por tanto, négase a existencia de feitos que se encadren dentro dos presupostos de feito que tipifican esta infracción e, por tanto, que existe ningún tipo de conduta infractora neste sentido, e moito menos que sexa constitutivo dunha infracción administrativa grave cunha sanción de multa de 6.010,13 euros (grao mínimo, pero na contía máxima dese grao: grao mínimo de 3.005,07 a 6.0010,12 euros) que resulta totalmente desproporcionada.

Cuarta.- Sobre a ausencia de notificación á autoridade sanitaria dos supostos constatados de auga non apta para o consumo que se tipifica como infracción grave e que se sanciona con 8.000 euros (grao medio, na contía media dese grao: grao medido de 3.005,07 a 6.0010,12 euros).

Os feitos, tipificación da infracción e sanción mantíveronse pola administración sancionadora ao longo de todo o procedemento, tanto na fase de instrución como na fase de revisión impugnatoria en vía administrativa.

Sostén a resolución da Consellería de Sanidade que os documentos ou boletíns analíticos emitidos polo Laboratorio municipal son válidos aínda que sexan emitidos por un laboratorio non acreditado/homologado.

A resolución considera probado a falla de notificación dos incumprimentos esixida polo artigo 27 do Rd 140/2003, de 7 de febreiro, a reiteración na actitude do Concello de falta de comunicación de resultados de auga non apta e o risco para os consumidores.

O técnico que subscribe tampouco comparte o resultado toda vez que aínda que o Concello de Vigo non estaba a seguir estritamente nas “analíticas de control na billa do consumidor” o procedemento establecido no artigo 27 do citado Real decreto 140/2003, de 7 febreiro, de confirmación de resultados en 24/48 horas seguintes e comunicación, no seu caso, de incumprimento; pero non é menos certo que os resultados analíticos se viñan comunicación á xefatura territorial da Consellería de Sanidade nos termos e condicións dos últimos anos sen ningunha obxección ó respecto.

É dicir o Concello, nos últimos anos, viña comunicando mensualmente o resultados analíticos que realizada na billa do consumidor á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, tanto as analíticas que cumprían como nas que se detectaban incumprimentos sen ningunha observación ó respecto e tendo a condición de Autoridade Sanitaria a Consellería de Sanidade segundo o Real decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade de auga de consumo humano.



Concello de Vigo

Nega e considera non probada a situación de seca que se produciu no último trimestre do ano 2017, a diminución a mínimos históricos na cantidade de auga embalsada na presa de Eiras que subministra o Concello de Vigo e limítrofes, diminución, por este motivo, da calidade da auga na propia rede de distribución descoñecendo os seus propios resultados analíticos que arroxaban valores de cualificación da auga de consumo na propia rede como apta con non conformidade o, mesmo, non apta.

Non considera con valor suficiente probatorio o informe do xerente da entidade xestora da rede distribución, FCC Aqualia Vigo UTE, sobre as medidas e situación padecida no último trimestre do ano 2017, manifestado que debera ser un técnico municipal.

As argumentacións desta Administración municipal que deberán desvirtuar as probas de cargo e a tipificación da infracción efectuada, foron as seguintes que se reproducen:

1.- Incongruencia xurídica que anula a existencia de proba de cargo válida.

Non se comparten as argumentacións da resolución vertidas en relación con este extremo. Se o artigo 16.2. do Rd 140/2003, de 7 de febreiro, esixe que o Laboratorio Municipal estea certificado/acreditado para realizar as analíticas e o incumprimento de tal feito e cualificado como unha infracción grave resulta evidente que tal certificación/acreditación é un “requisito sine qua non” que afecta a propia esencia do documento analítico emitido polo Laboratorio municipal.

As afirmacións da Consellería de Sanidade que esta argumentación podería operar como “eximente” do resto de infraccións e que sería tanto como dicir “como non teño carné de conducir, non me poden sancionar por conducir un coche”, ou “como o meu establecemento non está inscrito no REGASA, non poden sancionarme por deficiencias hixiénico-sanitarias (...)”, non se comparten.

Argumenta, tamén, a resolución da Consellería de Sanidade que “os boletíns de análise non son “nulos” como pretende o Concello, senón que están emitidos por unha entidade non acreditada pero conforme a métodos de ensaio contratados (...)”, o que evidencia unha total arbitrariedade na resolución, xa que primeiro considera unha infracción grave que non estea o Laboratorio do Concello de Vigo acreditado/homologado manifestando que o Concello de Vigo “fixo caso omiso as advertencias feitas pola Autorizada Sanitaria” para considerar a sanción como grave e, por outra, válida os métodos de ensaio do Laboratorio municipal -descoñécese quén lles comunicou cales eran os métodos de ensaio utilizados-.

O feito é que, no presente caso, o órgano resolutor determine como feitos encadrados dentro dos presupostos de feito constitutivos de infracción que “os documentos de boletíns analíticos realizados polo Laboratorio Municipal non foron notificados a autoridade sanitaria nos supostos constados de auga non apta para o consumo” e se resulta que eses documentos non son válidos xa que os emite un organismo non homologado, é dicir, que carece do requisito de acreditación/validación esixido para a súa emisión resulta evidente que non se pode discutir o seu contido.

Non se trata de actos distintos como puidera ser “non ter carné”, “cometer unha infracción dunha norma de tráfico co coche”; senón que a propia ausencia de certificación/acreditación

do órgano que emite o documento analítico supón que non se poda discutir o seu contido xa que o documento adoece dos requisitos esenciais para a súa validez.

É mais, se dita falla de control é grave ó ser considerado como “unha infracción administrativa grave” será porque supón que a acreditación/certificación esixida polo citado artigo 16.1 do Rd é requisito esencial, para que os documentos analíticas emitidos polo Concello de Vigo: Laboratorio municipal sexan válidos e, por tanto, non se podería entrar a discutir o seu contido, nin a entrar a valorar a súa correcta ou incorrecta realización, nin os parámetro analíticos obxecto do seu control, nin se foron comunicados.

Existe unha evidente contradición ou incongruencia xurídica na tipificación de ámbalas dúas infraccións, que negan a existencia de proba de cargo válida que ampare ámbalas dúas infracción.

Por tanto, se a ausencia de dita certificación/acreditación esixida ó Laboratorio Municipal polo artigo 16.2. do Rd 140/2003, de 7 de febreiro, para realizar analíticas para a calidade de auga de consumo humano na billa do consumidor supón, de facto, tal gravidade infractora implica que os boletíns analíticas realizadas polo Concello de Vigo: Laboratorio municipal – documento público- adoezan dun vicio radical de nulidade de pleno dereito que afectaría a mesma esencia da súa elaboración ó carecer o órgano que os emite dos requisitos indispensable esixidos pola norma para a súa emisión (artigo 47.1. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, PACAP, 16.2. do Rd 140/2003, de 7 de febreiro) e non procedería valorar o seu contido.

Polo exposto, a nulidade dos propios documentos analíticas realizadas conleva que a actuación municipal se encadra dentro dos presuposto de feito constitutivos da infracción obxecto desta sanción..

2.- Subsidiariamente, néganse os feitos manifestados pola Consellería de Sanidade na resolución de ausencia de notificación á autoridade sanitaria dos supostos constatados de auga non apta para o consumo.

O Concello de Vigo: Laboratorio Municipal veu remitindo á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, ao longo dos últimos anos, os boletíns analíticas realizados en cumprimento do artigo 20 do Rd 140/2003, de 7 de febreiro, control da calidade da auga na “billa do consumidor” fundamentalmente en edificacións públicas e, tamén, -aínda que non co alcance do citado artigo- nos depósitos de saída do abastecemento.

Analíticas do Laboratorio Municipal do ano 2016, con indicación das remitidas á xefatura provincial da Consellería de Sanidade en Pontevedra da Xunta de Galicia:

- Oficio de data 22/03/2016 á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, no que se lle remitían boletíns analíticas de mostras do 18/01/2016 nos seguintes puntos: Concello depósito esquerda, planta baixa e segunda, CEIP o Sello Cabral; CEIP Mosteiro, Bembrive; Universidade: Facultade de Ciencias; CEIP Sobreira, Valadares; CEIP Josefa Alonso, Matamá; CEIP Coutada – Beade; Escola Infantil Costeira de Saiáns; CEIP San Salvador; Casal; Valadares. (Achegouse a referida documentación como DOCUMENTO 13 do escrito de alegacións á resolución de incoación).



Concello de Vigo

- A mostra de Canido 183 de data 25/01/2016, non comunicada, que se cita na resolución de sanción, corresponde a unha “boca de rego inmediatamente despois de abrila” como se recollía no dito boletín de resultados e, por tanto, non se trata da billa do consumidor. (Achegouse como DOCUMENTO 14 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

- Oficio de data 08/04/2016 á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, remitíanse boletíns analíticos de mostras do 1 e 2 de marzo de 2016 nos seguintes puntos: CEIP San Salvador; CEIP o Sello – Cabral; Universidade:Facultade de Ciencias; CEIP Sobreira, Valadares; CEIP Coutada, Beade; CEIP Mosteiro, Bembrive; Valadares; CEIP Josefa Alonso Matamá; Escola Infantil Costeira de Saiáns; Casal; Concello depósito dereita, esquerda, planta baixa, segunda, sétima, once, (Achegouse á referida documentación como DOCUMENTO 15 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

Por tanto, o resultados analíticos da mostra que se cita na resolución de sanción do 02/03/16 bebedeiro planta baixa (Concello) -núm. Boletín 16015- si foi comunicado á xefatura territorial da Consellería de Sanidade.

- Oficio de data 05/09/2016 á xefatura provincial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, remitíanse boletíns analíticos de mostras do 9, 10 e 13 de maio de 2016 nos seguintes puntos: CEIP San Salvador; Casal; CEIP o Sello, Cabral; CEIP Mosteiro Bembrive; CEIP Coutada, Beade; Valadares; CEIP Josefa Alonso Matamá, Facultade de Ciencias; CEIP Sobreira Valadares; Escola Infantil Costeira de Saiáns; Marqués de Alcedo (Achegouse a referida documentación como DOCUMENTO 16 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

Por tanto, o resultados analíticos da mostra que se cita na resolución de sanción do 09/05/16 CEIP Josefa Alonso en Matamá -núm. Boletín 160417- si foi comunicado á xefatura territorial da Consellería de Sanidade.

- Oficio de data 05/09/2016 á xefatura provincial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, remitíanse boletíns analíticos de mostras do 20.06.2016 nos seguintes puntos: CEIP San Salvador; Casal; CEIP o Sello, Cabral; CEIP Mosteiro Bembrive; CEIP Coutada, Beade; Concello planta baixa, depósito dereita, depósito esquerda, planta segunda, plantas 5, 8 e 9; Marqués de Alcedo (Achegouse a referida documentación como DOCUMENTO 17 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

- Mostra Escola Infantil Costeira de Saiáns de data 12/04/16 que se cita na resolución. Non consta a súa remisión á Consellería de Sanidade, non obstante o boletín da dita mostra da Escola Infantil si foi notificada á Dirección do Colexio en data 20/05/2016 (Achegouse xustificación como DOCUMENTO 18 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

- Mostra Fonte Pública Areal 19/09/2016, Bebedeiro Areal 03/11/2016: Tratábase dun bebedeiro de auga existente na zona verde da rúa Areal. A mostra inicial foi recollida pola Policía local e en vista dos resultados do 19/09/2016 que arroxaban un valor alto no parámetro de ferro procedeuse ó seu precintado por esta. En data 3/11/2016, realizase unha nova analítica que segue detectando un alto valor no parámetro de ferro e o Servizo de Parques e Xardíns procedeu a dar orde á empresa que presta o servizo (Althenia, S.L.) para que retirase a dita instalación de bebedeiro ó entender que está obsoleta o que motiva o elevado valor do parámetro de ferro. Retirada a instalación entendese que non existía ningún motivo para co-

municar dita incidencia á Consellería de Sanidade. Achegáronse as distas analíticas e o informe da empresa sobre a retirada como DOCUMENTO 19 do escrito de alegacións á resolución de incoación.

- No que atinxe á analítica que se cita na resolución de sanción do procedemento sancionador na Avda. García Barbón, 104, baixo 02/05/16), cómpre indicar que non se trata de analíticas de control realizadas polo Laboratorio municipal, senón de analíticas realizadas a mostradas traídas por particulares dentro do servizo público analítico que realiza o Laboratorio Municipal previo pago dunha taxa e que ten mero valor informativo, de tal xeito que a mostra nin foi recollida polos Servizos Municipais baixo o protocolo establecido descoñecéndose, en todo momento, a forma na que foi recollida e a súa procedencia máis alá da propia información facilitada polo interesado.

Achegábase en proba do exposto boletíns analíticos núms. 160367, 160368 (02/05/2016) de Cáritas Diocesana Tui-Vigo con domicilio en Avda. García Barbón, 104, Baixo; (DOCUMENTO 20 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

- No que atinxe ás analíticas de Cabral Carballal comedor (19/10/16), Cabral Carballal baixo ximnasio (19/10/16), CEIP Sobreira (29/11/16), Facultade de Ciencias (29/11/16), Concello depósito e 6º andar (29/11/16) que arrojan unhas pequenas disfuncións nos parámetros de cor superando minimamente os 15 mg/Pt/Co de referencia e de cloro libre residual efectivamente non foron comunicados á xefatura territorial da Consellería de Sanidade debido á reorganización do servizo do Laboratorio Municipal naquelas datas. Con todo, as distas non conformidades eran mínimas en canto a superación dos niveis de referencia polo que en ningún momento supoñon ningún tipo de risco para a saúde.

En consecuencia, polo que refire as analíticas do ano 2016, o Concello de Vigo: Laboratorio Municipal foi remitindo como viña facendo anos atrás, os correspondentes boletíns analíticos de resultados na billa do consumidor á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Das 8 analíticas que se reflicten a resolución de sanción da Dirección xeral da Consellería de Sanidade e que cualifican a auga NON APTA quedou probado en dúas a súa innecesariedade de comunicación de acordo co establecido no Rd 140/2003, de 7 de febreiro, toda vez que a rúa Canido 183 correspondían a unha boca de rego, por tanto, non se trata de auga de consumo na billa do consumidor; a do bebedeiro de agua da rúa Areal foi retirado pola súa obsolescencia. As restantes realizadas a instancias de particulares non foron comunicadas xa que correspondían a analíticas realizadas nos últimos meses do ano e debido as disfuncións administrativas pola reorganización do servizo motivou a descoordinación que conlevou a falla de notificación á xefatura territorial da Consellería destas analíticas na forma que se viña facendo habitualmente.

Das 11 analíticas que se reflicten na citada resolución do procedemento sancionar e que cualifican a auga APTA con NON CONFORMIDADE queda probado que a do bebedeiro planta baixa concello 02/03/16, CEIP Josefa Alonso Matamá 09/05/16 foron comunicadas á xefatura territorial da Consellería de Sanidade; a da Escola Infantil Costeira de Saiáns (12/04/16) foi comunicada á Dirección do Colexio; a da Avda. García Barbón 104 (02/05/16) trátase dunha analítica a particular o cal entregou a mostra no Laboratorio descoñecéndose os protocolos de recollida, e as restantes de outubro e novembro de 2016 efectivamente



Concello de Vigo

non foron comunicadas debido a reorganización do servizo, non obstante, como se pode observar as disfuncións cos parámetros de referencia (cor e cloro libre residual) son mínimos polo que en ningún momento se produciu ningún risco para a saúde.

Analíticas do Laboratorio Municipal do ano 2017, con indicación das remitidas á Xefatura Provincial de Sanidade en Pontevedra da Xunta de Galicia:

- Oficio de data 10/02/2017 á xefatura territorial da Consellería de Sanidade de Pontevedra da Xunta de Galicia, remitindo boletíns analíticos de mostras realizadas os días 9, 10 e 31 de xaneiro de 2017, nos seguintes puntos: Casal; Valadares; IES Teis; CEIP o Sello en Cabral; CEIP Mosteiro en Bembrive; CEIP Coutada en Beade; CEIP Sobreira en Valadares; Universidade: Facultade de Ciencias; CEIP Josefa Alonso en Matamá; Escola Infantil Costeira de Saiáns; Marqués de Alcedo; Concello depósito dereita, esquerda, planta 2ª, 4ª, 6ª, soto -1, Cabral 43, (Achégabase a referida documentación como DOCUMENTO 21 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

Por tanto, os resultados analíticos das mostras que se citan na resolución: - CEIP o Sello Cabral do 09/01/17 -núm. Boletín 170005- Concello depósito dereita, esquerda, 2º andar do 10/01/17 -núm. Boletíns 170013, 170014, 170018-; si foron comunicados á xefatura territorial da Consellería de Sanidade.

- Oficio de data 05/06/2017 á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, remitindo boletíns analíticos de mostras realizadas os días 25 e 26 de abril de 2017, nos seguintes puntos: CEIP San Salvador; CEIP o Sello en Cabral; CEIP Mosteiro en Bembrive; CEIP Coutada en Beade; CEIP Sobreira en Valadares; Universidade: Facultade de Ciencias; Marqués de Alcedo; Casal; Valadares; CEIP Josefa Alonso en Matamá; Escola Infantil Costeira de Saiáns; Concello depósito dereita, esquerda, planta -1 Laboratorio (Achégabase a referida documentación como DOCUMENTO 22 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

Por tanto, o resultados analíticos da mostras que se citan na resolución: - Marqués de Alcedo 26/04/17 -núm. Boletín 170299-; - CEIP Josefa Alonso en Matamá do 26/04/17 -núm. Boletín 170303-; si foron comunicados á xefatura territorial da Consellería de Sanidade.

- Oficio de data 22/06/2017 á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, remitindo boletíns analíticos de mostras realizadas os días 12 de xuño de 2017, nos seguintes puntos: CEIP San Salvador; Casal; CEIP o Sello en Cabral; Escola Infantil Costeira de Saiáns; CEIP Josefa Alonso en Matamá, CEIP Coutada en Beade, Universidade: Facultade de Ciencias, CEIP Sobreira en Valadares; Valadares; CEIP Mosteiro en Bembrive; Marqués de Alcedo; Concello depósito dereita e esquerda (Achegábase a referida documentación como DOCUMENTO 23 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

Por tanto, ós resultados analíticos da mostras que se citan na resolución de sanción: - CEIP San Salvador 12/06/17 -núm. Boletín 170472-; Facultade de Ciencias 12/06/17 -núm. Boletín 170478-; si foron comunicados á xefatura territorial da Consellería de Sanidade.

- Oficio de data 02/10/2017 á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, remitindo boletíns analíticos de mostras realizadas o día 19 de setembro de 2017, nos seguintes puntos: Escola Infantil Costeira de Saiáns; CEIP San Salvador; Marqués de Alcedo; Casal; CEIP o Sello en Cabral; CEIP Mosteiro en Bembrive; CEIP So-

breira en Valadares; Universidade: Facultade de Ciencias; Valadares; CEIP Coutada en Beade, CEIP Josefa Alonso en Matamá, (Achegábase a referida documentación como DOCUMENTO 24 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

Por tanto, o resultados analíticos da mostras que se citan na resolución de sanción: - CEIP San Salvador 19/09/17 -núm. Boletín 170688-; Escola Infantil Costeira Saiáns 19/09/17 – núm. Boletín 170687-; Facultade de Ciencias 19/09/17 – núm. Boletín 170694-; si foron comunicados á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade.

- Os resultados analíticos correspondente o mes de outubro de 2017 (mostras do día 17 e 18 de outubro) consta un oficio de remisión a xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade; pero non consta o acuse de recibo pola Consellería polo que se descoñece se foron recibidos. (Achegábase como DOCUMENTO 25 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

- Oficio de data 21/11/2017 á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, remitindo boletíns analíticos de mostras realizadas os días 13 de novembro de 2017, nos seguintes puntos: CEIP San Salvador; Casal; CEIP o Sello en Cabral; Escola Infantil Costeira de Saiáns; CEIP Josefa Alonso en Matamá; CEIP Mosteiro en Bembrive; CEIP Sobreira en Valadares; Universidade: Facultade de Ciencias; Valares; CEIP Coutada en Beade; Marqués de Alcedo. (Achegábase a referida documentación como DOCUMENTO 26 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

Por tanto, o resultados analíticos das mostras que se citan na resolución do procedemento sancionador: - CEIP o Sello Cabral 13/11/17 -núm. boletín 170823-; Marqués de Alcedo 13/11/17 –núm. boletín 170837-; CEIP Josefa Alonso Matamá 13/11/17 – núm. Boletín 170825-; CEIP San Salvador 13/11/17 –núm. boletín 170821-; Facultade de Ciencias 13/11/17 – núm. Boletín 170828-; Escola Infantil Costeira Saiáns 13/11/17 -núm. boletín 170824-, CEIP Sobreira Valadares (13/11/2017) -núm. boletín 170827- si foron comunicados á xefatura territorial da Consellería de Sanidade.

- Os resultados analíticos das mostras recollidas en datas 19, 20 e 22 de decembro de 2017, cuxos resultados se obtiveron días despois, non foron comunicados á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade como viña sendo habitual nas datas seguintes xa que a actuación inspectora realizada pola Consellería de Sanidade Xunta de Galicia nas Dependencias do Laboratorio Municipal en data 09/01/2018 xa tivo acceso a ditos datos.

En todo caso, como xa se puxo de manifesto nas alegación efectuadas por esta Administración municipais no discorrer do procedementos sancionador naquelas datas a situación de alerta no abastecemento de auga que se produciu polo descenso de auga existente nos encores de Eiras e Zamáns, fundamentalmente nos meses de outubro, novembro e decembro, supuxo a merma da súa calidade e, por tanto, fai que descenda esta calidade na billa do consumidor.

Neste sentido, a resolución da Consellería de Sanidade non pode negar, por pública e notoria, a situación de seca producida no ano hidrolóxico 2017, especialmente, nos meses de outubro, novembro e decembro de 2017 nos encores de Eiras e Zamáns que abastecen ó Concello de Vigo e outros limítrofes que motiva que a calidade da auga de consumo humano, en xeral, descendera na rede de abastecemento.



Concello de Vigo

Proba disto, entre outros, o DOCUMENTO 6 achegado naquel escrito de alegacións de resultados analíticos de control na rede realizados pola empresa xestora do servizo, FCC Aqualia Vigo UTE, que mostra valores paramétricos en decembro de ferro e aluminio que superan o valor paramétrico de referencia de 200,0 µg/l e chegando case o ferro ó valor paramétrico de consenso 600,0 µg/l a partir do cal a auga debe cualificarse como non apta para o consumo humano (Documento consensado coas CCAA e aprobado o 9 de marzo de 2005).

Así vemos, no referido DOCUMENTO 6 o ferro tiña un valor de 508,0 µg/l o 5/12/2017 na saída de Casal; o 11/12/2017 de 500,0 µg/l; o 22/12/2017 de 608,0 µg/l, o 27/12/2017 de 626,0 µg/l. O citado documento reflicte a incidencia da seca na propia calidade de auga xa que pasamos de 508,0 µg/l o 5/12/2017 na saída de Casal (planta depuradora) a 25,0 µg/l o 30/01/2017.

Tamén, o informe de “Medidas Preventivas y Correctoras Implantadas para la Mejora de la Calidad del Agua” da empresa concesionaria do servizo, FCC Aqualia Vigo UTE de 7 de febreiro de 2018, remitido como DOCUMENTO 27 co escrito de alegacións á resolución de incoación, deixa clara a situación de seca pacedida, con carácter xeral, no verán e outono do ano 2017, as medidas adoptadas e a total colaboración coa Autoridade Sanidade da Xunta de Galicia, e neste sentido indica:

“una pluviometría inferior a la habitual influye directamente en la renovación del agua embalsada, y por tanto en la calidad de la misma. El régimen de explotación de la presa en un año considerado normal en cuanto a precipitaciones lleva implícito la apertura de los desagües de fondo en el grado suficiente para descargar los caudales que permitan mantener el nivel de la presa en cota mensual fijada en las normas de explotación. Pero, además de ayudar a ajustar el nivel de llenado, estas descargas de la masa de agua se desalojan por los desagües de fondo, y las nuevas aportados rellenan el volumen evacuado. (...).

Un año hidrológico seco como el 2016-17 provocó un menor caudal desaguado, y consecuentemente una menor renovación del embalse. De esta forma, al comenzar el nuevo año hidrológico en Octubre de 2017, sin las nuevas aportados que a partir de esas fechas entran habitualmente en el embalse, LA CALIDAD DEL AGUA ACU-SÓ LA BAJA RENOVACIÓN ACUMULADA DE LOS MESES ANTERIORES.

A comienzos del mes de Octubre de 2017, debido a la sequía como consecuencia de la escasez de lluvia acumulada en los meses inmediatamente anteriores, la Presa de Eiras se encontraba en niveles que se consideraban preocupantes ante la posibilidad de que persistiese la ausencia de lluvias a partir de aquellas fechas.

Una de las consecuencias que provocó la sequía fue la baja renovación del agua en el embalse de Eiras a fecha de Octubre de 2017.(...). Ese déficit anual de precipitaciones condujo a un menor volumen de agua desaguado, y consecuentemente una menor renovación del auga embalsada.

(...)

En los primeros días de Diciembre, hasta el día 10, se mantuvo la situación de sequía que arrastrábamos de los meses anteriores, Y LA PRESA DE EIRAS ALCANZÓ EN ESAS FECHAS SUS NIVELES MÍNIMOS HISTÓRICOS DESDE QUE EXISTEN REGISTROS. EN ESTA SITUACIÓN, CONTINUABA EL EMPEORAMIENTO EN LA CALIDAD DEL AGUA BRUTA, Y SE MANTENÍAN LOS INCUMPRIMIENTOS EN HIERRO, TURBIDEZ Y COLOR, QUE ESTABAN SIENDO PUNTUALMENTE COMUNICADOS A LA DELEGACIÓN PROVINCIAL DE SANIDAD”.

El 10/12/2017 debido a las intensas y persistentes lluvias registradas el día 10/12/17, el volumen del embalse de Eiras se incrementó en apenas 24 h. En más de 8.000.000 m³. Este extraordinario aumento del volumen de agua embalsado en tan poco tiempo, supuso un episodio excepcional que no se había producido anteriormente en la historia de explotación de la presa.

Partiendo del bajo nivel que presentaba el embalse, una aportación de agua de esas características, provocó la rotura de la estratificación y mezcla de toda la masa de agua, desde las capas más profundas de peor calidad a las más superficiales donde se sitúa la captación, perjudicando a la calidad de estas últimas. Este hecho se tradujo en un EMPEORAMIENTO NOTABLE DE LA CALIDAD DEL AGUA BRUTA EN LAS COTAS DONDE SITÚA LA TOMA DE AGUA, CON UN AUMENTO DE LOS VALORES DE LOS SIGUIENTES PARÁMETROS: ALUMINIO, TURBIDEZ, COLOR, HIERRO E MATERÍA ORGÁNICA

(...)

Outras actuacións

Desde el primer momento, y a lo largo de todo este tiempo, se ha ofrecido la máxima colaboración. Para la toma de muestras, después de indicar la autoridad sanitaria los puntos de red seleccionados, se pone a disposición al personal necesario de Aqualia para poder acompañar a la inspección de Sanidad en la tarea de recogida de muestras, procediendo a su vez a la recogida de una muestra duplicada para su análisis en nuestro Laboratorio. Siguiendo este procedimiento, desde 17/10/17 hasta el 06/02/18 se recogieron un total de 140 muestras acompañando el personal de Aqualia a la Inspección de Sanidad.

(...). Se adelantan diariamente los resultados obtenidos en todos los controles de Casal Salida, Valladares Salida y puntos de muestreo en la red acordados, a las direcciones de correo electrónico indicadas. Se registran las incidencias en el libro de incidencias y se notifican al SINAC.

(...)”

Tamén, os DOCUMENTOS 1 ao 5 achegados co escrito de alegacións, que corresponden a análíticas realizadas pola propia Consellería de Sanidade na saída da ETAP o Casal e na rede distribución que superan o valor paramétrico do Ferro 200 µg/l e, incluso, o valor consensuado de auga “non apta” de 600 µg/l (documento consensuado coas CCAA e aprobado o 9 de marzo de 2005).



Concello de Vigo

Que a situación de seca produciu un empeoramento da calidade de auga e público e notario e así lle constaba á referida Consellería por todo o que levados dito e proba délo son os escritos de non conformidades remitidos ó Concello de Vigo e á entidade concesionaria do servizo de abastecemento pola xefatura territorial da Consellería de Sanidade sobre controis analíticos na rede de abastecemento realizados pola propia Consellería dentro da súa labor de vixilancia:

- Oficio da xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade de data 07/12/2017: Saída ETAP O Casal: Ferro 544 microgramos/litro; Depósito Casal: Ferro 554 microgramos/litro; Rede Perimtral: Ferro 577 microgramos/litro; Rede Canido: Ferro 760 microgramos/litro (DOCUMENTO 1 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

- Oficio da xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade de data 11/12/2017: Captación Eiras: Ferro 623 microgramos/litro; Saída ETAP O Casal: Ferro 909 microgramos/litro; Depósito Casal: Ferro 1.845 microgramos/litro; Rede Canido: Ferro 568 microgramos/litro, Rede Valadares: Ferro 1.003 microgramos/litro; Rede Castro: Ferro 373 microgramos/litro; Rede Perimetral San Jurjo Badía: Ferro 634 microgramos/litro (DOCUMENTO 2 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

- Oficio da xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade de data 13/12/2017: Depósito Casal: Ferro 547 microgramos/litro; Rede Casal perimtral – Sanjurjo Badía Ferro 537 microgramos/litro; Rede Casal perimtral – Canido Ferro 537 microgramos/litro; Rede Valadares Ferro 435 microgramos/litro (DOCUMENTO 3 do escrito de alegacións á resolución de incoación)

- Oficio da xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade de data 14/12/2017: Depósito Casal: Ferro 394 microgramos/litro; Rede Canido Ferro 724 microgramos/litro; Rede San Andrés (Rede Valadares) Ferro 366 microgramos/litro; Rede San Xurxo Badía Ferro 435 microgramos/litro (DOCUMENTO 4 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

- Oficio da xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade de data 18/12/2017: Entrada ETAP Casal Ferro 533 microgramos/litro; saída ETAP Casal Ferro 346; Saída depósito cabeceira Casal Ferro 367, Rede de Valadares, S. Andrés Ferro 397 microgramos/litro; Rede Casal Perimetral, Sb: Ferro 455; Rede Casal Perimetral, Canido, Ferro 833 microgramos/litro, Rede Candeán Ferro 499 microgramos/litro (DOCUMENTO 5 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

Por tanto, nas devanditas comunicacións de vixilancia da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia detecta, entre outros, uns valores anormais de ferro na rede de distribución superando amplamente os 200 microgramos/litro do valor paramétrico de referencia para este metal e, en moitas ocasións, superando os 600 microgramos/litro de consenso para cualificar a auga como non apta.

Sendo eso así, os resultados na billa do consumidor tendentes a verificar as “instalacións Interiores” no van a arrojar valores inferiores os que xa circulan pola rede de distribución coñecidos pola propia Consellería de Medio Ambiente tanto nas comunicacións que lle estaba a remitir a entidade xestora do servizo, FCC AQUALIA VIGO UTE; como as recollida polos seus propios inspectores nas actividades de control, ademais dispoñía dos datos subidos

polo xestor -FCC AQUALIA VIGO UTE- ó SINAC, Sistema Nacional de Información de Augas de Consumo.

Ante esta situación, en comunicación coa entidade concesionaria do servizo, aumentáronse a análise e mostras de autocontrol na rede de distribución e proba disto son os controis diarios na rede de abastecementos que se achegaban en táboa como DOCUMENTO 6 do escrito de alegacións, e dos cales dispón a Consellería de Sanidade.

Tamén a concesionaria do servizo municipal de abastecemento realizou actuacións correctoras para reducir os valores anormais de metais na rede de distribución que se produciron nesas datas. Achegábase informe coas actuacións realizadas como DOCUMENTO 27 do escrito de alegacións.

Os dous colexios nos que nas analíticas de finais de decembro de 2017 se detectaron niveis de ferro superiores a 600 microgramos/litros: CEIP Ría de Vigo e CEIP San Salvador e, por tanto, superando os valores máximos de consenso para cualificar a auga como non apta, foron obxecto de comunicacións e controis.

En efecto, os resultados analíticos das mostras do día 12/12/17 e 20/12/17 no CEIP Ría de Vigo foron comunicados á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en cumprimento do seu requirimento de 22/12/2017 e onde se achegaba, tamén, analítica da UTE FCC Aqualia do día 23/12/2017 na rede abastecemento á entrada do colexio (Achegábase como DOCUMENTO 28 do escrito de alegacións á resolución de incoación).

Tamén, o enxeñeiro da edificación municipal foi a inspeccionar as instalación deste colexio Ría de Vigo detectando a necesidade de substituír totalmente as tuberías de condución da auga interiores do colexio comunicando ós organismos educativos. DOCUMENTO 29 daquel escrito de alegacións.

Polo que respecta ó CEIP San Salvador e segundo información facilitada naquelas datas pola concesionaria do servizo municipal de abastecemento foi obxecto de analíticas de control tanto pola concesionaria do servizo como pola propia xefatura territorial da Consellería de Sanidade tanto á entrada da rede de abastecemento coma na billa do interior do colexio en data 21 de decembro de 2017 e seguintes tal e como queda reflexado no escrito da Consellería de Sanidade de data 23/01/2018. Por tanto, a comunicación resultaba innecesaria toda vez que a propia Consellería de Sanidade dentro do programa de vixilancia de saúde xa detectara aquela situación. Achegase escrito da Consellería de Sanidade como DOCUMENTO 30 daquel escrito de alegacións.

Por outra banda, naquelas datas todos os colexios estaban pechados por vacacións de Nadal polo que non había ningún tipo de risco para a saúde tampouco puido comunicarse ós directores dos ditos colexios tal e como se indicaba no escrito remitido á Consellería de Sanidade.

Posteriormente, En data 09/01/2018, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia realizou unha inspección ó Laboratorio Municipal do Concello de Vigo accedendo a todos os datos analíticos que dispoñía o Laboratorio Municipal no seus programas informáticos e que non era outros que os que, de forma habitual, se viñan comunicando á dita Consellería de Sani-



Concello de Vigo

dade ao longo do ano sen que tiveramos ningún requirimento respecto dos datos que se ían comunicando o logo do ano 2017.

- En datas 22, 23 e 29 de xaneiro de 2018, o Laboratorio Municipal do Concello de Vigo recolleu mostras para análise da calidade da auga na billa do consumidor nos seguintes puntos: CEIP Lope de Vega; Pavillón das Travesas; Instituto Investigacións Mariñas, Mais que Agua en Navia; CEIP Ría de Vigo, Escola Infantil Costeira de Saiáns; CEIP Josefa Alonso Matamá; Universidade: Facultade de Ciencias; CEIP Sobreira Valadares; CEIP Mosteiro Bembrive; CEIP Coutada -Beadé; Centro Terceira Idade Meixoeiro; CEIP Valentín Pan Andrade; CEIP o Sello Cabral; VigoZoo na Madroa; CEIP San Salvador; Edificio Concello; Valentín Paz Andrade (Achégase a referida documentación como DOCUMENTO 31 daquel escrito de alegacións).

Os resultados obtidos confirman unha situación, practicamente, de normalidade cunha boa calidade da auga. Detectáronse pequenos incumprimento no valor paramétrico de ferro (nalgúns puntos interiores da mesma edificación e noutros non) no CEIP Ría de Vigo, CEIP Valentín Paz Andrade, CEIP San Salvador Teis, Universidade, que foron comunicados á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia vía correo electrónico. Achegabase como DOCUMENTO 32.

Por todo o exposto, O Concello de Vigo: Laboratorio Municipal veu comunicando na forma que o viña facendo nos últimos anos, coa remisión dos resultados analíticos na billa do consumidor os datos que se viñan obtendo sen que Consellería de Sanidade, Autoridade Sanitaria vixiante da calidade de auga mostrase ningunha obxección a forma de actuar desta administración municipal baseada na boa fe, lealdade institucional e confianza lexítima entre administracións públicas.

Certamente, o Concello de Vigo non estaba a seguir estritamente nas “analíticas de control na billa do consumidor” o procedemento establecido no artigo 27 do citado Real decreto 140/2003, de 7 febreiro, de confirmación de resultados en 24/48 horas seguintes e comunicación, no seu caso, de incumprimento; pero non é menos certo que todos os resultados analíticos se viñan comunicación á xefatura territorial da Consellería de Sanidad nos termos e condicións dos últimos anos sen ningunha obxección ó respecto.

Certamente, o Concello de Vigo: Laboratorio municipal entendía que coa remisión das analíticas realizadas de “control na billa do consumidor” que viña remitindo mensualmente desde hai anos á xefatura territorial da Consellería de Sanidade en Pontevedra, viña cumprimento co establecido na referida norma e máxime, como xa levados dito, cando a control da calidade da auga na billa do consumidor que viña realizando a Administración municipal era tendende exclusivamente a comprobar as instalacións interiores das edificación e non ó control da calidade da auga na rede de distribución.

En todo caso, ante ditas comunicacións de control analítico da calidade da auga na billa do consumidor que ía remitindo mensualmente o Concello de Vigo, qué medida adoptou a AUTORIDADE SANIDADE cal é a CONSELLERÍA DE SANIDADE, tomou algunhas das medidas que lle habilita expresamente o artigo 27, apartados 3 e 4, en relación co artigo 19, do Rd 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade de auga de consumo humano tales como:

- Valorou a apertura ou non dunha situación de alerta?
- Notificou ó Concello de Vigo calquera medida de restrición sobre o uso da auga?
- Notificou ó Concello de Vigo a adopción de medidas correctoras e preventivas?
- Requiriu ó Concello de Vigo a adopción de controis, comprobacións, emendas de documentación remitida....?

A resposta é NON. A Conselleira de Sanidade, AUTORIDADE SANITARIA, limitouse a incoar un expediente sancionador ó Concello de Vigo, que viña actuando baixo os principios de boa fe e lealdade institucional, impoñéndolles multas por infraccións graves que acadan os 21.520,16 euros, cando unicamente, como se indicou ata a saciedade nos diversos escritos de alegacións do procedemento sancionador, estamos a falar de analíticas de control da calidade de auga na “billa do consumidor”, tendente a verificar o estado das instalacións interiores; pero non a comprobación da calidade da auga na rede de distribución.

Os feitos que entende probados a Consellería de Sanidade para impoñer a sanción -actas de inspección sanitaria e requirimentos á Administración Municipal- refírense única y exclusivamente ó “control da calidade da auga na billa do consumidor”, cando resulta evidente que o verdadeiro control da calidade da auga prodúcese na rede de distribución.

O que máis resulta reprochable á incoación e, máis aínda, á resolución do procedemento sanción e que se fundamente substancialmente nuns feitos probados de resultados analíticos referidos maioritariamente os meses de seca do ano 2017 -outono, novembro e decembro- (a propia resolución indica que máis da metade dos incumprimentos refírense ós meses de novembro e decembro de 2017 -situación de alerta por seca-) e no que quedou probado, sen lugar a dúbidas, especialmente nos meses de novembro e decembro, que os valores paramétricos a controlar na auga de consumo empeoraron considerablemente a medida que ía descendendo o nivel de auga almacenada nos encoros de Eiras e Zamáns -que chegaron a mínimos históricos dende que existen rexistros a principios de decembro de 2017 -así o reflicte o informe da concesionaria do servizo Fcc Aqualia Vigo UTE, de data 7 de febreiro de 2018 (achegado como Documento 8 ó escrito de alegacións a resolución de incoación).

Abstraer eses resultados analíticos na billa do consumidor como feitos probados para tipificar a infracción e propoñer unha sanción grave, sen ter en conta as circunstancias conconrentes da seca resulta absurdo e desproporcionado.

As afirmacións contidas na resolución do procedemento sancionador da Consellería de Sanidade indicando que:

“Trátase, por tanto, de simples afirmacións sen un mínimo fundamento probatorio, pois non se ten aportado xustificación nin informes técnicos que acrediten a relación de causalidade entre a seca e a alteración de parámetros na auga.

(...)”

resultan totalmente reprochables xa que esta Administración municipal probou coas probas documentais aportadas e antes citadas -en especial o informe da concesionaria do servizo- a existencia de seca e o descenso dos encoros de Eiras e Zamáns a mínimos históricos nos meses de outubro, novembro e decembro de 2017, e o descenso da calidade de auga por eses motivos. Ademais, dita situación era “pública e notaria” e así se recollía nos medios de comunicación destas datas.



Concello de Vigo

Coa documental que se invoca neste recurso (especialmente os xa citados DOCUMENTOS 1 a 5 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia; DOCUMENTO 6 de resultados analíticos na rede de distribución da entidade xestora do servizo; DOCUMENTO 27 informe da referida entidade xestora achegados co escrito de alegación á resolución de incoación ademais dos boletíns analíticas do Laboratorio Municipal da rede de distribución en Casal e Valadares), pode probarse sen lugar a dúbidas que, a lo menos, nos meses de novembro e decembro de 2017, os valores paramétricos existentes nas rede de distribución superaban, en moitas ocasións os valores paramétricos de referencia (Documento consensuado coas CCAA e aprobado o 9 de marzo de 2005 que se achega como DOCUMENTO 1 deste escrito)

Por tanto, se a rede de distribución supera os valores de referencia resulta evidente que os valores paramétricos da calidade da auga da billa do consumidor vai a superar tamén eses niveis.

A calidade de auga na rede de distribución era coñecida pola propia Consellería a través dos resultados analíticos que se lle remitida a entidade xestora e o acceso ó SINAP do que dispón, polo que en ningún momento pode negar a correlación entre os efectos producidos pola seca en outubro, novembro e decembro de 2017 co descenso do nivel de auga nos encoros a mínimos históricos, coa superación dos parámetros de control na rede distribución, e tamén, por tanto na billa do consumidor.

Ignorar esas circunstancias excepcionais, e incoar un procedemento sancionador por non comunicar resultados analíticos, especialmente, no período máis afectado pola seca outubro a decembro de 2017, cando xa a propia Consellería tiña constancia da problemática existente resultado contrario a dereito e desproporcionado, máxime cando eses resultados analíticos da billa do consumidor teñen por finalidade comprobar o estado “das instalacións interiores da edificación”.

Esta administración municipal invocaba, tamén, o “Plan de Seca Demarcación Galicia-Costa do OO.AA. Augas de Galicia dependente da Xunta de Galicia” (publicado na web de Augas de Galicia/Xunta de Galicia) “ que a súa vez citaba e reproducía no seu punto 2 Marco Legal o artigo 4.6. da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, que ven a establecer que “o deterioro temporal dunha masa de auga na época de seca non constitúe infracción”, co obxecto de determinar que incluso segundo a normativa da Unión Europea considera que unha situación de seca pode producir un empeoramento da calidade de auga e que se debe facer é adoptar medidas correctores e incrementar os controis, como así fixo á concesionaria do servizo público de abastecemento, FCC Aqualia Vigo, UTE, segundo o informe remito como DOCUMENTO 27 do escrito de alegacións á resolución de incoación.

O escrito de alegacións deste Concello, indicaba que o vixente “Plan de Seca Demarcación Galicia-Costa do OO.AA. Augas de Galicia dependente da Xunta de Galicia” (publicado na web de Augas de Galicia/Xunta de Galicia) indica no apartado de medidas a adoptar en caso de seca que:

"Non hai que perder de vista os obxectivos medioambientais para as masas de auga en situacións excepcionais como o caso da seca, que se definen na Directiva Marco da Auga; segundo o artigo 4.6, o deterioro temporal do estado das masas de auga debido a causas naturais como secas non constituirá infracción sempre que se cumpran unha serie de características como por exemplo, que se adopten todas as medidas factibles adecuadas para que non se siga deteriorando o estado desas masas".

En efecto, o artigo 4.6. da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, establece

"O deterioro temporal do estado das masas de auga non constituirá infracción das disposicións da presente Directiva se se debe a causas naturais ou de forza maior que sexan excepcionais o non puideran preverse razoablemente, en particular graves inundacións ou sequías prolongadas, ou ó resultado de circunstancias derivadas de accidentes que non puideran preverse razoablemente cando se cumpran todas as condicións seguintes:

a) que se adopten todas as medidas factibles para impedir que sega deteriorándose ese estado e para non por en perigo o logro dos obxectivos da presente Directiva noutras masas de auga non afectadas por esas circunstancias;

b) que no plan hidrolóxico de cunca se especifiquen as condicións en virtude das cales poden declararse ditas circunstancias como racionalmente imprevistas ou excepcionais, incluíndo a adopción dos indicadores axeitados;

c) que as medidas que deban adoptarse en ditas circunstancias excepcionais se inclúan no programa de medidas e non poñan en perigo a recuperación da calidade da masa de auga unha vez que cesasen as circunstancias;

d) que os efectos das circunstancias que sexan excepcionais ou que non puideran preverse razoablemente se revisen anualmente e, tendo en conta as razóns establecidas na letra a) do apartado 4, adóptense, tan pronto como sexa razoablemente posible, todas as medidas factibles para devolver a masa de auga o seu estado anterior ós efectos de ditas circunstancias; e

e) que na seguinte actualización do plan hidrolóxico de cunca inclúase un resumo dos efectos producidos por esas circunstancias e das medidas que se adoptase ou se adopten de conformidade coas letras a) e d). "

Por tanto, do exposto pode concluírse que en supostos como o acaecido en novembro e decembro de 2017, nun estado de seca, non procede o nivel de esixencia pretendido para a auga.

A Resolución da Dirección Xeral de Saúde Pública que impón as sancións de multa ó Concello de Vigo, limitase a argumentar que as "Directivas non son de aplicación directa" e que se refire cuestións medioambientais das masas de auga.

Non se vai a discutir aquí sobre o efecto directo das Directiva nin nos casos que isto sucede, basta con remitir á doutrina reiterada dos tribunais tanto estatais como da UE, o certo é que a



Concello de Vigo

propia directiva marco da auga da UE, Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro, considera que o deterioro temporal dunha masa de auga producido por unha situación de seca non debera ser obxecto de sanción, senon de medidas complementarias para paliar a dita situación.

Con todo, a referida Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro, foi transposta ó ordenamento xurídico español pola Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social que inclúe no seu artigo 129 a modificación do TRLA, aprobado por RDL 1/2001, de 20 de xullo, e o artigo 18.4. e 38 do Rd 907/2007, de 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da planificación hidrolóxica fan expresamente referida a ese dereito temporal das masas de auga producidas pola seca nos termos expresados pola Directiva.

Constátase, tamén, unha falta de coordinación no ámbito dos servizos da Xunta (Sanidade e Aguas de Galicia) que se faga referencia a un incumprimento de preceptos que teñen como fin acreditar o cumprimento duns requisitos legais establecidos para a auga de consumo na billa do consumidor nunhas condicións ordinarias ou de normalidade dos recursos, cando en boa parte o incumprimento é consecuencia da situación de seca cuxa competencia en materia de masas de augas corresponde á propia Xunta de Galicia: Augas de Galicia a cal coñecía a mentada situación de seca e que, parece ser, “non entende probada a Consellería de Sanidade” causa absoluta perplexidade.

Por todo exposto, quedan desvirtuados os feitos contidos na resolución do procedemento sancionador para tipificar unha presunta infracción grave por falla de notificación á autoridade sanitaria dos resultados que cualificarían a auga como apta con non conformidade ou non apta para o consumo humano.

A actuación municipal foi a atendeu sempre ós principios de boa fé, confianza lexítima e lealdade institucional.

Non existe proba de cargo válida e, por tanto, a actuación municipal baixo ningún concepto pode cualificarse de típica, antixurídica, culpable nin punible para poder sustentar unha sanción administrativa ó Concello de Vigo.

Quinta.- Sobre non dispoñibilidade das analíticas de control na billa do consumidor da ZA Eiras-Zamáns, no Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo (SINAC) que se tipifica como infracción leve cunha sanción de 1.500 euros. (grao medio, na contía media dese grao: grao medio de 601,02 a 1.803,04€).

Os feitos, tipificación da infracción e sanción mantíveronse pola administración sancionadora ao longo de todo o procedemento, tanto na fase de instrución como na fase de revisión impugnataria en vía administrativa.

Considera unha conduta continuada de incumprimento pola Administración municipal que supón a imposición da sanción no grao medio.

O técnico que subscribe, considera que resolución vulnera o principio de proporcionalidade en materia sancionadora. Artigo 29 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de RXSP, toda vez que o Laboratorio Municipal non estivo acreditado non se puido dar de alta no SINAC.

O Concello de Vigo veu realizando, como se sinala no apartado segundo deste escrito, actuación para a súa homologación.

Non existía nin existe por parte da Administración municipal ningunha intencionalidade de incumprir a norma, nin de persistir nunha conduta infractora. Senón se introduciron os datos no SINAP foi, nin máis nin menos, porque aínda non se conseguira a acreditación/certificación que esixe o artigo 16.2. do Rd 140/2003, de 7 de febreiro, é como quedou demostrado coa documental achegada no procedemento, o Concello de Vigo: Laboratorio mantido, en todo momento, actuacións tendentes a obter aquela certificación o que finalmente se obtivo en febreiro de 2018.

A partir desa data o Concello de Vigo: Laboratorio Municipal procedeu a darse de alta no SINAC e está a introducir os datos que esixe a citada plataforma..

Sexta.- O técnicos que subscribe considera, tamén, contrarias a dereito e desproporcionadas as sancións de multa impostas a esta Administración municipal polos seguintes motivos:

Os feitos probados contidos na resolución da Dirección xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade de data 26/06/2018 pola que se impón ó Concello de Vigo unhas sancións de multas que acadan os 21.520, 26 euros, refírense “en exclusiva” as obrigas das Administración municipal de “control da calidade da auga na billa do consumidor”, é dicir, está resolución non sanciona calquera outra obriga que lle puidera corresponder ó Concello de Vigo como titular do servizo público de abastecemento, como titular das infraestruturas de abastecemento, como titular das funcións de control sobre a entidade concesionaria do servizo público de abastecemento e saneamento.

Os feitos que se sancionan:

- Ausencia de certificación/acreditación do Laboratorio municipal.
- Falta de determinación de metais nas analíticas de control.
- Ausencia de notificación á autoridade sanitaria dos supostos constatados de auga non apta para o consumo.
- Nos dispoñibilidade das analíticas de control na billa do consumidor da ZA Eiras-Zamáns, no Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo (SINAC)

refírense única e exclusivamente á obriga da Administración Municipal de **“CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO NA BILLA DO CONSUMIDOR”**

A resolución de sanción tipifica estes incumprimentos como infraccións GRAVES -a excepción do último que o considera leve- ao abeiro dos seguintes artigos:

- Artigo 35.B.2 da Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de Sanidade, por canto tipifica como infraccións graves “as que se produzan pola falla de controis e precaucións esixibles na actividade, servizo ou instalación de que se trate”.
- Artigo 42.e) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia que tipifica como infracción grave “o incumprimento por negligencia grave, dos requisitos, das condicións, das obrigas ou das prohibicións establecidas na vixente lexislación en materia sanitaria, así como cal-



Concello de Vigo

quera outro comportamento e que supoña imprudencia grave, sempre que ocasionen alteración ou risco sanitario, aínda que sexa de escasa entidade”.

Esta Administración municipal considera totalmente desproporcionadas e contraria a dereito esta tipificación de infracción grave – artigo 29 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de RXSP- e, isto nin máis nin menos, polo propia natureza que supón “o control da calidade de auga de consumo na billa do consumidor”, que se limita única e exclusivamente ás instalacións interiores das edificacións, e non ó verdadeiro control da calidade auga de consumo que se produce na rede de distribución.

Reiterase que o verdadeiro control da calidade da auga prodúcese co control analítico na rede de distribución, máxime nunha época de alerta por seca nos embalase de Eiras e Zamáns que abastecen de auga ó Concello de Vigo e limítrofes, e que está atribuído á entidade xestora baixo a inspección da Autoridade Sanidade da Xunta de Galicia.

Neste sentido, cómpre lembrar que:

1. XESTIÓN INDIRECTA DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AGUA DE CONSUMO HUMANO

O servizo de abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais é competencia propia da Administración Municipal que se xestiona no Concello de Vigo, de forma indirecta a través dun contrato de concesión de servizos públicos cuxa adjudicataria é a entidade “FCC Aqualia, S.A. y Fomento de Construcións y Contratas, S.A., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982, de 26 de mayo (CIF U-79820833) -FCC AQUALIA VIGO UTE-”.

2.- COMPETENCIA DA AUTORIDADE SANITARIA: CONSELLERÍA DE SANIDADE

O Real decreto estatal 140/2003, de 7 de febreiro, establece os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

O Rd establece no artigo 2.2. que “entenderase por autoridade sanitaria á Administración sanitaria autonómica competente ou outros órganos das comunidades autónomas no ámbito das súas competencias”, na comunidade autónoma de Galicia esta competencia está atribuída á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

O artigo 19 do citada Rd sobre vixilancia sanitaria establece:

“Artigo 19. Vixilancia sanitaria.

A vixilancia sanitaria da auga de consumo humano é responsabilidade da autoridade sanitaria, quen velará para que se realicen inspeccións sanitarias periódicas do abastecemento.

Dita vixilancia a cargo da autoridade sanitaria correspondente inclúe as zonas de abastecemento de xestión ou de patrimonio do Estado.

A autoridade sanitaria elaborará e porá a disposición dos xestores, antes del 1 de xaneiro de 2004, o programa de vixilancia sanitaria de auga de consumo humano para o seu territorio, que remitirá o Ministerio de Sanidade e Consumo.

Calquera cambio no programa, ou se se realiza un desenvolvemento normativo autonómico desta disposición, deberá notificarse ó Ministerio de Sanidade e Consumo.

A autoridade sanitaria incluírá as sustancias radioactivas no seu programa de vixilancia da auga de consumo.”

Por tanto, é a Administración autonómica con competencia na materia quen deberá velar para que se realicen as inspeccións sanitarias periódicas a través dun plan que deberá, tamén, por a disposición da Administración municipal.

3.- CONTROL DA CALIDADE DE AUGA DE CONSUMO HUMANO SEGUNDO RD 140/2013, DE 7 DE FEBREIRO.

O citado Rd 140/2003, de 7 de febreiro, baixo a vixilancia da autoridade sanitaria, establece no seu artigo 17.2. que:

“O control da calidade da auga de consumo humano engloba os seguintes apartados:

- a) Autocontrol da auga de consumo humano.
- b) Vixilancia sanitaria.
- c) Control da auga na billa do consumidor.”

A) AUTOCONTROL DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA REDE DE ABASTECIMENTO É UNHA OBRIGA DO XESTOR -EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO- BAIXO A SUPERVISIÓN DIRECTA DA AUTORIDADE SANITARIA.

O artigo 18.1. do Rd 140/2013, de 7 de febreiro, sinala que “o autocontrol da calidade da auga de consumo humano é responsabilidade do xestor de cada unha das partes do abastecemento (...)”.

O Apartado 3 do citado artigo establece:

“3. Os puntos de móstreo para o autocontrol serán representativos do abastecemento ou partes deste e fixaranse polo xestor coa supervisión da autoridade sanitaria.

A) Para o caso de redes de distribución, fixaranse, ó menos, os seguintes puntos de móstreo:

- a) 1 á saída da ETAP ou depósito de cabeceira.
- b) 1 á saída do depósito de regulación e/ou distribución.
- c) 1 en cada uno dos puntos de entrega entre os distintos xestores.
- d) 1 na rede de distribución. Nos abastecementos que subministren mais de 20.000 m³/día, o número de puntos de móstreo será de 1 por cada 20.000 m³ ou fracción de auga distribuída por día como media anual.”

Pola súa banda, o artigo 21.1. do citado Rd. sinala que o número mínimo de mostras no autocontrol deberá ser representativo do abastecemento ou partes deste e da industria alimentaria, distribuídos uniformemente ó longo do ano, remite ó Anexo V onde se sinala un frecuencia mínima de móstreo na rede de abastecemento.

E no parágrafo final do artigo 21.1. do Rd 140/2013, de 7 de febreiro, sinala que:

“A autoridade sanitaria, cando xulgue que puidera existir un risco para a saúde da poboación, velará para que o xestor incremente a frecuencia de mostreo para aqueles parámetros que esta considera oportunos”

Por tanto, no caso do Concello de Vigo, o control da calidade da auga de consumo humano na rede de abastecemento realizase a través do plan de autocontrol con móstreos que debe



Concello de Vigo

executar a entidade xestora do servizo -no caso de Vigo, FCC AQUALIA VIGO UTE,- baixo a supervisión da autoridade sanitaria.

B) CONTROL NA BILLA DO CONSUMIDOR

O artigo 20 do Rd 140/2013, de 7 de febreiro, establece que “o municipio tomará as medidas necesarias para garantir a realización do control da calidade de auga na billa do consumidor e a elaboración periódica dun informe sobre os resultados obtidos.

(...)

No caso de incumprimento dos valores paramétricos, tomarase unha mostra no punto de entrega ó consumidor.”

O artigo 21.3. do Rd sinala que “o número de mostras anuais recollidas na billa do consumidor será, o menos, a que se sinala no Anexo V”.

Aplicado o indicado no Anexo V ó caso de Vigo, cunha poboación no Concello de Vigo, segundo o INE, de 292.286 habitantes a data do 01/01/2017, resulta un total de 122 móstreos anuais, o que representa un 10-11 mostra por mes na billa do consumidor.

A disposición transitoria segundo o citado Rd 140/2013, de 7 de febreiro, sinala que a AUTORIDADE SANITARIA -Consellería de Sanidade- velará para que a Administración municipal mostree a auga de consumo humano referido a “instalacións interiores”, billa do consumidor, representativos de cada abastecemento, construídos con anterioridade a 1980.

Por tanto, o control na billa do consumidor que ten que realizar o Concello de Vigo é tendente a verificar que a instalación de auga interior de cada edificación -ben sexa de titularidade pública ou privada- non introduce elementos na auga da rede subministrada que a fagan perder a súa calidade, sendo os responsables de ditas edificacións os obrigados a realizar as reformas oportunas no seu caso.

C) VERDADEIRO CONTROL DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DE CONSUMO HUMANO PRODÚCESE CO AUTOCONTROL.

Segundo o establecido no citado Real Decreto o verdadeiro control na calidade de auga do consumo humano do Concello de Vigo, realízase co AUTOCONTROL da calidade de Auga, é dicir, na saída da ETAP, na saída dos Depósitos de Regulación/Distribución e na Rede de distribución.

É dicir, unha mala calidade de auga na rede de distribución fai inoperante o control na billa do consumidor que vai a dar uns resultados, tamén, malos, debendo actuarse sobre a ETAP e Rede de distribución.

Unha boa calidade de auga na rede de distribución vai a proporcionar una boa calidade de auga na billa do consumidor, salvo que as “instalacións interiores” da edificación, responsabilidade dos seus titulares, estean en deficientes condicións de conservación.

Tamén, é importante destacar que a calidade da auga na rede distribución afectada a todos os usuarios conectados a esa rede, mestras que unha mala calidade de auga na billa do consumidor, afecta exclusivamente a esa edificación e, en moitas ocasións, a zonas concretas da edificación -rede interior máis antiga-.

Por tanto, o control fundamental da calidade de auga de consumo humano é o realizado no procedemento de AUTOCONTROL pola empresa concesionaria do servizo público coa vixilancia da autoridade sanitaria.

D) A AUTORIDADE SANITARIA COMPETENTE EN MATERIA DE CONTROL DA CALIDADE DE AUGA DE CONSUMO HUMANO É A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA.

O Real decreto estatal 140/2003, de 7 de febreiro, que establece os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, sinala no seu artigo 2.2. que:

“Entenderase por autoridade sanitaria á Administración sanitaria autonómica competente ou outros órganos das comunidades autónomas no ámbito das súas competencias”.

Na C.A. de Galicia dita competencia está atribuída á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

A resolución do procedemento sancionador intenta, intencionadamente, atribuír esa vixilancia sanitaria da auga de consumo ó Concello, manifestado que “o artigo 33 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia (disposición de rango superior ao Real Decreto) considera tamén autoridade sanitaria aos alcalde e alcaldesas”

Neste sentido, o citado artigo 33.1. establece que:

“Dentro das súas respectivas competencias, teñen a condición de autoridade sanitaria o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da Consellería de Sanidade, as persoas titulares dos órganos e as persoas responsables das unidades que regulamentariamente se determinen, así como os alcaldes e as alcaldesas. Recoñéceselle o carácter de autoridade sanitaria, no desempeño das súas funcións, ao persoal que leve a cabo a función de inspección sanitaria.”

Por tanto, Autoridade Sanitaria descrita circunscríbese ó marco das súas competencias.

Ninguén nega, por tanto, que o control da calidade de auga na billa do consumidor estea atribuído o Concello, nin que o Concello sexa o titular da rede de distribución e as facultades que isto comportan como obriga de achegar as infraestruturas de abastecemento de auga e saneamento ós cidadáns (artigo 80.2. apartados h e l de Lei 5/1997, de administración local de Galicia, o artigo 279.2. do TRLC -norma hoxe derogada-) pero o que queda claro ao abeiro da normativa antes citada, e máis concretamente ao abeiro do establecido nos artigos 2, 17.2., 18, 19, 20 Rd 140/2013, de 7 de febreiro, é que o control da calidade de consumo humano engloba os seguintes apartados:

- a) autocontrol de auga de consumo humano (controis na rede de distribución correspondente o xestor, empresa concesionaria do servizo, FCC Aqualia Vigo UTE)
- b) vixilancia sanitaria (correspondente á Autoridade Sanitaria, Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia).
- c) control da auga na billa do consumidor (instalacións interiores das edificacións, corresponde ó Concello de Vigo)”



Concello de Vigo

e é a Autoridade Sanitaria: Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a que ten encomendado a vixilancia sanitaria tanto sobre o autocontrol realizado polo xestor na rede de distribución -verdadeiro control da auga de consumo- como o control da auga na billa do consumidor realizado polo Concello e, neste caso, vixía, supervisa pode solicitar mostreos complementarios e, en definitiva, resolve sobre calquera situación de alerta prohibindo, restrinxindo o uso, valorando as medidas correctora e preventivas.

Non se trata de xerarquía normativa entre a Lei galega 8/2008, de saúde de Galicia, e o Real decreto estatal 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade de auga de consumo humano, senon de distribución competencial.

O Real decreto 140/2003, de 7 de febreiro, que considera Autoridade Sanitaria á Administración sanitaria autonómica competente -Consellería de Sanidade- ten o carácter de normativa básica tal e como se reflicte na súa introdución:

“El presente Real Decreto, que tiene caracter de norma básica, se dicta al amparo de lo dispuesto en el artículo 149.1.16ª. de la Constitución y de acuerdo con lo dispuesto en los artículos 18.6, 10.2, 23, 24, 40.2, 40.13 y en la disposición adicional segunda de la Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad.”

Por tanto, é innegable o carácter de Autoridade Sanitaria da Consellería de Sanidade no control da calidade de auga de consumo humano e coas facultades e responsabilidades que se establecen no citado Rd 140/2003, de 7 de febreiro, antes citadas.

Neste marco, resulta aínda máis sorprendente, se cabe, que se faga referencia a un incumprimento de preceptos que teñen como fin acreditar o cumprimento duns requisitos legais establecidos para a auga de consumo na billa do consumidor nunhas condicións ordinarias ou de normalidade dos recursos, cando en boa parte o incumprimento que se alegan é consecuencia da situación de seca.

Por todo exposto, os argumentos de feito utilizados novamente na resolución do procedemento sancionador tipificando e facendo responsable ó Concello de Vigo dunhas infraccións administrativas graves por poñer en risco a saúde das persoas por deficiencias non control da auga de consumo humano, resultan totalmente contrarias a dereito tanto polas probas de cargo que, dende logo, non teñen entidade suficiente para sustentar tal tipificación infractora, que quedaron desvirtuadas polas alegacións formuladas por esta parte, como pola vulneración das regras elementais da presunción de inocencia, culpabilidade, tipificación, boa fé e lealdade institucional e da proporcionalidade que debe perseguir toda actuación administrativa sancionadora.

Facer responsable ó Concello de Vigo de riscos na saúde das persoas polo abastecemento de auga de consumo humano, cando a actuación fundamental de AUTOCONTROL da rede de abastecemento correspondente legalmente a entidade concesionaria do servizo -xestor-baixo a vixilancia directa da autoridade sanitaria é contrario a toda lóxica xurídica.

Facer responsable ó Concello de Vigo de riscos na saúde das persoas polo abastecemento de auga de consumo humano por deficiencias nas análíticas de control na billa do consumidor -tendente a comprobar as instalacións interiores das edificacións – nunha época de alerta por seca -novembro e decembro de 2017- cando a propia Consellería de Sanidade tiña datos propios dos seus resultados analíticos que determinaban na rede distribución valores

de metais por encima dos valores de referencia e, en moitas ocasións, por encima dos valores de consenso (Documento consensuado entre o Ministerio de Sanidade e Consumo en as CC.AA. Aprobado o 9 de marzo de 2005, que desenvolve o artigo 27.7. do Rd 140/2003, de 7 de febreiro, achégase como DOCUMENTO 1), e contrario a calquera lóxica xurídica

Facer responsable ó Concello de Vigo de riscos na saúde das persoas polo abastecemento de auga de consumo humano por deficiencias nas analíticas de control na billa do consumidor, cando o Rd 140/2003, de 7 de febreiro, solo esixe ao Concello de Vigo en función da súa poboación un total de 122 móstreos anuais, o que representa un 10-11 mostras por mes na billa do consumidor para o Concello de Vigo, o que supón que o verdadeiro control da auga de consumo humano se realiza co AUTOCONTROL da rede de distribución, resulta totalmente antixurídico e desproporcionado.

Afirmar que o Concello de Vigo puido poñer en risco a saúde de nenos e nenas en colexios polo abastecemento de augas de consumo por deficiencias analíticas de control na billa do consumidor, cando é o propio Concello: a través do Laboratorio municipal o que ano tras ano veu realizando as mostras de control na billa do consumidor, fundamentalmente nos colexios en detrimento doutros usos -residencial, comercial- e comunicando con regularidade os resultados á Consellería de Sanidade -así se acreditou no escrito de alegacións á resolución de incoación; aproveitamento, ademais, unha situación de alerta por seca na que xa por sí supuxo un empeoramento na calidade da auga na rede de distribución constato pola propia Consellería de Sanidade e cando a vixiante fundamental é a propia Consellería de Sanidade como máxima autoridade sanitaria, parece, cando menos, contrario a boa fe que se debe presumir entre administracións públicas.

Incoar un procedemento sancionador con fundamento nun acta que reflicte fundamentalmente, valores analíticos na billa do consumidor, no período outubro, novembro e decembro de 2017, nunha época de alerta por seca, abstraendo eses resultados das demais circunstancias concorrentes como o feito de que a situación de seca conlevou a superación dos valores paramétricos de referencia da calidade da auga na rede de abastecemento, obviando esa situación concorrente, que quedou probada cos xa citados DOCUMENTOS 1 a 5 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia; DOCUMENTO 6 de resultados analíticos na rede de distribución da entidade xestora do servizo; DOCUMENTO 27 informe da referida entidade xestora achegados co escrito de alegación á resolución de incoación, resulta totalmente desproporcionado.

Incoar un procedemento sancionador ó Concello de Vigo por falla de comunicación dos resultados analíticos na billa do consumidor, cando o Concello de Vigo viña remitindo mensualmente e desde hai anos os ditos resultados analíticos á xefatura territorial da Consellería de Sanidade en Pontevedra sen a máis mínima obxección por a referida Consellería respecto a estas comunicacións.

Nunha boa lóxica xurídica, serían fundamentacións suficientes para anular as sancións de multas impostas, considerando que a conduta municipal en ningún momento pode considerarse típica, antixurídica, culpable, dolosa e, moito menos, punible que xustifique as sancións administrativas que se impoñen tendo en consideración as circunstancias concorrentes (artigos 25 a 29 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público), máxime cando o artigo 28.1. da citada norma esixe para determinar a responsabilidade da Administración municipal a existencia de "dolo ou culpa" o que, dende logo, non existiu na



Concello de Vigo

actuación municipal realizada conforme ós principios de boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.

A resolución do Concelleiro de Sanidade de data 23/10/20018, desestimatoria do recurso de alzada interposto, non admite ningunha das argumentacións fácticas nin xurídicas invocadas por esta Administración municipal que o técnico que subscribe considera axustadas a dereito.

CONCLUSIÓN

En conclusión, o técnico que subscribe de conformidade co fundamentando considera o seguinte:

- Interpoñer recurso contencioso administrativo contra a resolución do conselleiro de Sanidade de data 23 de outubro de 2018, polo que desestima o recurso de alzada interposto polo Concello de Vigo, titular da rede de distribución de auga de consumo humano no seu termo municipal, contra a resolución do director xeral de Saúde Pública de data 25/06/2018, confirmando integramente a resolución recorrida, ditada no procedemento sancionador ó Concello de Vigo por infracción en materia sanitaria da auga de consumo humano con RFCA. 2018022AM-PO, na que se impón unha sanción de multa por importe de vinte e un mil cincocentos vinte euros con vinte e seis céntimos (21.520,26€).
- É órgano competente para acordar a interposición do recurso contencioso administrativo a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo ao abeiro do establecido nos artigos 124.4. ñ) e l), 125.5. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e resolución de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015 (publicada no BOP de Pontevedra do 14/07/2015).
- Remitir o presente informe proposta á Asesoría Xurídica municipal para a súa valoración sobre a interposición do recurso contencioso administrativo.

2.- O letrado, xefe da Área Xudicial, da Asesoría Xurídica municipal emitiu o seguinte informe en data 14/11/2018:

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos expresados polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 07/11/2018, e considerando que, polo tanto, existe informe xurídico con proposta de resolución do Servizo, extensa e debidamente motivado e con exposición da normativa que se estima vulnerada, manifestamos a nosa **conformidade** e facemos noso o informe xurídico devandito así como a proposta de exercicio da acción, cumprindo así a normativa do réxime local (arts. 54.3 do RD.781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 221.1 do RD.2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais) que esixe ditame da Secretaría, da Asesoría Xurídica ou dun letrado, con carácter previo á adopción do acordo para o exercicio de accións necesarias para a defensa de bens e dereitos, e de conformidade co réxime específico de organización para municipios de grande poboación recollido no Título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, e disposicións concordes.

3.- Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte

ACORDO:

Interpoñer recurso contencioso administrativo contra a resolución do conselleiro de Sanidade de data 23 de outubro de 2018, polo que desestima o recurso de alzada interposto polo Concello de Vigo, titular da rede de distribución de auga de consumo humano no seu termo municipal, contra a resolución do director xeral de Saúde Pública de data 25/06/2018, confirmando integramente a resolución recorrida, ditada no procedemento sancionador ó Concello de Vigo por infracción en materia sanitaria da auga de consumo humano con RFCA. 2018022AM-PO, na que se impón unha sanción de multa por importe de vinte e un mil cincocentos vinte euros con vinte e seis céntimos (21.520,26€).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1353).- PROPOSTA DE DESAFECCIÓN DO USO PÚBLICO DE DOUS ALXIBES SITUADOS NAS INSTALACIÓNS DE VIGO ZOO E DOAZÓN A MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO. EXPTE. 9295/612.

Visto o informe de fiscalización de data 14/11/18, dáse conta do informe-proposta do 2/11/18, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

FEITOS.-

1.- En data 26/04/2018 (doc. 180062132), D. Antonio Ocampo en calidade de presidente da Comunidade de Montes Veciñas de Coruxo, solicitou a cesión (gratuíta) de dous alxibes existentes nas instalacións de VigoZoo, praza dos Leóns, s/n, A Madroa, Vigo, co fin de almacenamento de auga e que sirvan de hidrantes en caso de incendio nos montes periurbanos de Vigo, en vista dos incendios acontecidos o pasado 15 de outubro.

2.- O coordinador técnico de VigoZoo en data data do 10/05/2018, informou respecto desta petición o seguinte:

“Existen na zona superior do Parque, ao lado do Orquidario, unha instalación a modo de galpón, que alberga dous alxibes duns 75.000 litros cada un aproximadamente, que fai moitos anos almacenaba auga cando o parque non dispoñía de abastecemento de auga de rede.

Ante a necesidade de dispoñer dun local para aloxar a maquinaria e ferramenta do parque, tal como nos ven demandando o Servizo de Prevención de Riscos Laborais, plantexámonos a retirada dos mesmos dada a súa inutilidade.

A xestión dos mesmos como residuo conlevaría cortalos in situ e tramitar a súa xestión cunha empresa autorizada, co gasto que isto supoñería.

Tendo coñecemento que a Comunidade de Montes de Coruxo, esta plantexándose colocar ou facer alxibes para almacenamento da auga, como reserva de auga no caso de incendios forestais contactouse coa presidencia de dita Comunidade.



Concello de Vigo

A través da solicitude enviada a Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable a cá se axunta á presente, solicitan a cesión dos mesmos, asumindo éstes a súa retirada e transporte os montes de Coruxo.

(...)”

3.- Posteriormente, en data 27/09/2018 (doc. 180156659) a citada Comunidade de Montes presenta escrito no Concello de Vigo no que cede a solicitude en favor da Mancomunidade de Montes de Vigo, representada polo seu presidente D. Uxío González Pérez, con CIF V36840726, asinando ambas partes en proba de conformidade, a cal está interesa nos referidos alxibes en beneficio dos montes de Vigo para utilizar como almacenamento de auga en caso de incendios, asumindo todos os gastos de retirada e traslado e coa adopción das medidas de seguridade precisas.

Asimesmo, consta no Servizo de Medio Ambiente -expte. 11894/306- documento acreditativo da personalidade xurídica sen ánimo de lucro da Mancomunidade de Montes de Vigo, estatutos e acordo nomeamento directiva que se incorporaron ó presente procedemento.

4.- O Enxeñeiro da Edificación municipal adscrito a Área de Fomento en data do 17/10/2018, informou sobre o valor dos alxibes e o custe da súa retirada.

“A vista do informe do coordinador técnico de VigoZoo, procédese a efectuar unha valoración técnica informativa do posible valor de ditos depósitos así como a retirada destes.

INFORME:

Para elo adoptamos os seguintes criterios, obtense un valor de mercado de depósitos de características similares (poliéster) para augas sin ningún tipo de tratamento, para unha capacidade de uns 75 m³, cilíndricos de apoio horizontal, cuxo custe no mercado e almacenaría nun valor de 18.000 euros.

Para que se obteñen costes en chamadas telefónicas a casas comerciais que dispoñen de depósitos de similares características, e procédese a unha valoración estimativa, en base a transporte ata o lugar, e monaxe do mesmo sobre bases sólidas de ladrillo ou muretes de formigón, en características similares.

Sobre o custe unitario, efectuase unha depreciación exclusivamente sobre o propio depósito de un 75% tomando como base que ditos tanques teñen un antigüidade de uns 25 anos, estimando que a súa vida útil rondaría entre 30 e 35 anos, a partir deles considero que deberán de efectuarse reparacións que tecnicamente levarían a necesidade de unha posible substitución.

A efectos valorativos incrementaremos o posible custe de levantar o tellado existen e a reposición dos mesmos nas características actuais con reposición de materiais que resulten dañados. Para se aporta a seguinte taboa.

Para poder a o retirado dos tanques e necesario que se levante a cuberta de estrutura metálica y material de cubricación actual, e se volva a repoñer, cuio valor se aclara no cadro adxunto nos apartados de desmontaxe e montaxe.

	COSTE	porte in situ	INSTALCION	DEPRECIACION	V. nuevo	V. actual
deposito	18.000,00	2.100,00	3.200,00	14.400,00	46.600,00	7.200,00
Desmontaxe					0,00	1.823,50
Montaxe					0,00	1.750,00
TOTAL					46.600,00	10.773,50
gastos gene- rales					6.058,00	1.400,56
Beneficio ind.					2.796,00	646,00
TOTAL					55.454,00	12.820,06
I.V.A.					11.645,34	2.692,21
TOTAL					67.099,34	15.512,27

En consecuencia o posible valor da retirada e valoración dos depositos actuais coa reposición de paramento horizontal (cuberta), o considerar esta como a solución técnica mais viable, para a retirada será de QUINCE MIL QUINIENTOS DOCE €UROS CON VINTESETE CENTIMOS (15.512,27) €uros."

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1.- Segundo o informe do Coordinador de VigoZoo de 10/05/2018 os dous alxibes existentes nas instalacións son actualmente inútiles habida conta que fai moitos anos -máis de 20- que non se utilizan xa que as instalacións de VigoZoo conectáronse a rede municipal de abastecemento de auga.

Os referidos alxibes están ocupando un espazo cuberto que se precisa para utilizar como almacén de maquinaria e ferramenta do parque o cal ven demandando o Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo.

A retirada dos referidos alxibes como residuos suporía un importante custe para a Administración municipal.

2.- O enxeñeiro da edificación municipal adscrito a Área de Fomento en data do 17/10/2018, emitiu informe sobre a valor actual duns novos alxibes de semellantes características e valor actual dos existentes en VigoZoo aplicando as correspondentes depreciacións.

Neste sentido, estima un valor de custe (sen impostos) de dous alxibes novos de características semellantes de 46.600,00 euros, e un valor actual -trala depreciación- dos dous alxibes de 7.200 euros.

Os alxibes son inútiles nas instalacións de VigoZoo e atópase dentro dunha caseta cuberta a cal se pretende utilizar para almacén.



Concello de Vigo

A retirada dos depósitos esixe o desmontaxe da cuberta da caseta e posterior montaxe o que suporía un custe -sen impostos- de 3.573,50 euros (Desmontaxe 1.823,50€, Montaxe 1.750,00€) como sinala o enxeñeiro da edificación municipal no seu informe.

Por tanto, o valor actual dos dous depósitos alxibes aínda se reduciría moito máis ata os 3.626,50 euros e, para o caso, de que ninguén estivera interesado na súa adquisición o Concello de Vigo tería que asumir os traballos da súa retirada e os da súa xestión como residuos.

3.- O Concello de Vigo e a entidade Mancomunidade de Montes de Vigo teñen subscrito un convenio de colaboración que establece un marco de colaboración mutua no desenvolvemento de actividades ou accións en materia medioambiental aprobado pola Xunta de Goberno Local en data do 3 de xuño de 2016, asinado polas partes o 27 de outubro de 2016 (expte. 11894/306).

A cesión a este Mancomunidade de Montes de Vigo dos dous alxibes podería incardirse dentro desta colaboración mutua na protección do medio ambiente nos montes de Vigo xa que se pretenden utilizarse como almacéns de auga para usar en caso de incendio nos montes.

3.- A Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas establece nos artigo 142 e 143 o seguinte:

“Artigo 142 Competencia

- 1. A competencia para enaxenar os bens mobles do Patrimonio do Estado corresponde ó titular do departamento ou ó presidente ou director do organismo público que os tivese afectados ou adscritos o os houbera vindo utilizando.*
- 2. O acordo de enaxenación implicará a desafectación dos bens e a súa baixa no inventario.*

Artigo 143 Procedemento

- 1. A enaxenación terá lugar mediante subasta pública por bens individualizados ou por lotes. Non obstante, cando o ministerio ou organismo considere de forma razonada que se trata de bens obsoletos, percedeiros ou deteriorados por o uso ou concorra alguna das circunstancias previstas no artigo 137.4 desta lei, a enaxenación poderá efectuarse de forma directa.*
- 2. Considérase obsoletos ou deteriorados polo uso, a efectos do número anterior, aqueles bens cuxo valor no momento da súa tasación para venta sexa inferior ó 25 por cento do de adquisición.*
- 3. Os bens mobles poderán ser cedidos gratuitamente polo departamento ou organismo respectivo a outras Administracións públicas ou a organismos ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, sen as limitacións previstas na sección 5.^a, cando non fora posible vendelos ou entregalos como parte do prezo de outra adquisición, ou cando se considere de forma razonada que non alcanza o 25 por cento do valor que tiveron no momento da súa adquisición. Se non fose posible ou non procedise a súa venta o cesión, poderá acordarse a súa destrución, inutilización o abandono. O acordo de cesión levará implícita a desafectación dos bens.”*

As presentes disposición, resultan de aplicación á Administración municipal toda vez que na normativa específica de patrimonio das entidades locais non está regulado expresamente.

Aplicada a normativa citada ó caso que nos ocupa, constátase que os referidos alxibes deben considerarse obsoletas toda vez que o seu valor actual non acada o 25% do valor de adquisición tal e como reflicte o informe técnico.

Por outra banda, podería adxudicarse a cesión gratuíta de forma directa á entidade solicitada habida conta que segundo consta nos seus estatutos, trátase dunha entidade sen ánimo de lucro.

A referida entidade asumirá o custe de retirada dos alxibes desmontaxe a cuberta da caseta na que se atopan e volvendo a repoñela sen ningún deterioro, debendo de adoptar as medidas de seguridade e de prevención de riscos laborais que esixa a lexislación vixente é en total coordinación coas indicacións dos técnicos municipais de VigoZoo.

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e relación coa Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, propónse á referida Xunta de Goberno Local a adopción o seguinte

ACORDO

Primeiro.- Declarar expresamente obsoletas os dous alxibes, depósitos, existentes nas instalacións de VigoZoo, praza dos Leóns, s/n, A Madroa, Vigo, ao abeiro do artigo 143.2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Segundo.- autorizar a cesión gratuíta de dous alxibes, depósitos, existentes nas instalacións de VigoZoo, praza dos Leóns, s/n, A Madroa, a D. Uxio González Pérez en representación da Mancomunidade de Montes de Vigo, CIF V368407226, habida conta da súa obsolescencia para uso nas referidas instalacións, debendo asumir a referida Mancomunidade os custes de retirada dos alxibes desmontaxe da cuberta da caseta na que se atopan e volvendo a repoñela sen ningún deterioro, coa obriga de adoptar as medidas de seguridade e de prevención de riscos laborais que esixa a lexislación vixente é en total coordinación coas indicacións dos técnicos municipais de VigoZoo.

Terceiro.- Comunicar este acordo o Servizo Municipal de Patrimonio: Inventario Municipal os efectos procedentes.

Cuarto.- Notificar este acordo a Mancomunidade de Montes de Vigo, informándolle que consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-



Concello de Vigo

administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1354).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2018. EXPTE. 2465/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/11/18, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleira delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018, aprobadas polo Pleno con data 27 de decembro de 2017 faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de outubro de 2018.

Asunto: relación de expedientes de contrato menor correspondentes ao mes de outubro de 2018, tramitados no servizo e autorizados pola concelleira-delegada

Expediente	2449/334. Impartición dun curso de narración oral entre outubro e decembro
Decreto concelleira	Data 26 de outubro de 2018
Informe Intervención	RC 002870
Adxudicatario	ANA MARÍA CARREIRA VARELA
Importe	1404, 00 euros

Expediente	2445/334. 3 Actividades formativas sobre nutrición infantil e alimentación saudable, neste outono
Decreto concelleira	data 26 de outubro de 2018
Informe Intervención	RC 002868
Adxudicatario	Lidia Folgar Latorre
Importe	618,915 euros

Expediente	2444/334. 6 Actividades formativas sobre intelixencia emocional, coitados para bebés e pautas de crianza axeitada.
Decreto concelleira	data 26 de outubro de 2018

Informe Intervención	RC 002867
Adxudicatario	Raquel Bello Varela
Importe	1996,50 euros

Expediente	2447/334. 2 Actividades formativas sobre pedagogía Montessori
Decreto concelleira	data 26 de outubro de 2018
Informe Intervención	RC 002869
Adxudicatario	Sara Pena Couto
Importe	430 euros

Expediente	2452-334. 6 contadas en lingua galega para público familiar
Decreto concelleira	Data 31 de outubro
Informe Intervención	RC 002916
Adxudicatario	"VAIMILLOR", ASOCIACIÓN CULTURAL E DE LECER
Importe	1.270,50 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(1355).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS VEXETAIS. EXPTE. 11345/446.

Visto o informe xurídico do 13/11/18 e o informe de fiscalización do 15/11/18, dáse conta do informe-proposta do 09/11/18, asinado pola adxunta ao xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 21 de agosto de 2018, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e en data 22 de agosto de 2018 o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, asinan informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do servizo de retirada e xestión de residuos vexetais.

2.- Mediante resolución de inicio de expediente de contratación, de data 24 de agosto de 2018, o concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, por ausencia do concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos (resolución de data 09/08/2018), resolve iniciar o expediente de contratación.

3.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 7 de novembro de 2018, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.



Concello de Vigo

4.- A Memoria xustificativa asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 7 de novembro de 2018, e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en data 7 de novembro de 2018.

5.- En data 9 de novembro de 2018, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

6.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación en data 9 de novembro de 2018.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, por ausencia do concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos (resolución de data 09/08/2018), acorda iníciar o expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, se tramita como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de

solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131.2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é inferior a 100.000,00€ e non hai ningún criterio avaliable mediante xuízo de valor.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de servizo de retirada e xestión de residuos vexetais, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 7 de novembro de 2018 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 9 de novembro de 2018.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 60.000,00€, que inclúe un IVE de 5.454,55€, o cal se imputará á partida 1710.2100000 "MANTEMENTO PARQUES, XARDÍNS, ALAMEDAS E PARQUES FORESTAIS", que se distribuirá en dúas anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

Ano	Importe
2018	30.000,00€
2019	30.000,00€



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1356).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE VARANDA DE ACEIRO INOXIDABLE. EXPTE. 11346/446.

Visto o informe xurídico do 13/11/18 e o informe de fiscalización do 15/11/18, dáse conta do informe-proposta do 09/11/18, asinado pola adxunta ao xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 21 de agosto de 2018, o xefe da Área de Servizos Xerais, en data 22 de agosto de 2018 e o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos asinan informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable.
- 2.- Mediante resolución de inicio de expediente de contratación, de data 24 de agosto de 2018, o concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, por ausencia do concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, (Resolución de data 09/08/2018) resolve iniciar o expediente de contratación.
- 3.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 27 de agosto de 2018, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- 4.- A Memoria xustificativa, de data 7 de novembro de 2018, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de data 7 de novembro de 2018.
- 5.- En data 8 de novembro de 2018, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- 6.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación en data 8 de novembro de 2018.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, por ausencia do concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, (Resolución de data 09/08/2018) acorda iniciar o expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, se tramita como un contrato de subministro, en concreto dos contemplados no apartado 3.a) do referido artigo, nos que o empresario obrígase á entrega dunha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao termo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131.2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é inferior a 100.000,00€ e non hai ningún criterio avaliable mediante xuízo de valor.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa,



Concello de Vigo

incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de subministro de varanda de aceiro inoxidable, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 27 de agosto de 2018 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 8 de novembro de 2018.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 121.000,00€, que inclúe un IVE de 21.000,00€ , o cal se imputará á partida 1710.6190003 “RECUPERACIÓN DE ZONAS VERDES E P. PÚBLICOS”, que se distribuirá en dúas anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

Ano	Importe
2018	10.083,33€
2019	110.916,67€

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1357).- PROPOSTA ACTUALIZACIÓN SALARIAL DO PERSOAL CONTRATADO POLO CONCELLO DE VIGO ACOLLIDO AO “ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓS SOCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007” PARA O ANO 2018. EXPTE. 15605/77.

Visto o informe de fiscalización de data 16/11/18, e o informe-proposta de data 24/10/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do servizo de Desenvolvemento local e Emprego e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Nos artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as) do *Acordo marco de regulación das condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007*, que se atopa prorrogado para o presente ano, indícase que *as retribucións actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano*. Por mor da entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira e a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da *Administración Local*, *non se realizaron actualizacións salariais aos traballadores beneficiarios do Plan Municipal de Emprego*.

A ausencia dun novo marco de regulación, así como, a existencia de traballadores actualmente contratados aos que lles foi de aplicación no seu momento o citado Acordo marco de regulación, aconsellan a actualización das táboas salariais incluídas nese acordo, tomando como referencia a actualización do Salario Mínimo Interprofesional., pois será de aplicación subsidiariamente. Tendo en conta a entrada en vigor do Real Decreto 1077/2017, de 29 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2018 os salarios dos peóns beneficiarios do Programa "Vigo Emprega" xa foron actualizados e perciben na actualidade 735,90 €.

A vixente **Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018**, no Título III denominado "*Dos gastos de persoal*", no Capítulo I "*Dos gastos do persoal ao servizo do sector público*", establece no **artigo 18.Dos**:

No ano 2018 , as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 1,5 por cento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2017, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a obxectivos de persoal coma a antigüidade do mesmo.

Ademais do anterior, se o incremento do Produto Interior Bruto (PIB) a precios constantes en 2017 alcanzase ou superase o 3,1 por cento engadiríase, con efectos de 1 de xullo de 2018, outro 0,25 por cento de incremento salarial.

A tenor do establecido nesta Lei de Orzamentos Xerais do Estado e coa finalidade de dar cumprimento ao dereito como traballadores do sector público destes empregados do Concello de Vigo, propónse o incremento salarial referido, en aras de recuperar unha coherencia entre as diferentes categorías profesionais dos programas e do Plan Municipal de Emprego, mantendo as diferencias mínimas entre postos de traballo en función da súa responsabilidade, categoría e funcións, aplicando unha suba na porcentaxe do 1,5 % con efectos desde o 01/01/2018 e do 0,25 % adicional con efectos desde o 01/07/2018, a todos os traballadores e traballadoras contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, agás ao persoal aos que lles resultou de aplicación a suba do salario mínimo interprofesional para o ano 2018 (peóns e auxiliares administrativos), tal e como se amosa nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

O incremento salarial de **10.024,7 €** derivado desta suba, imputarase con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- **VIGO EMPREGA**:



Concello de Vigo

- **3388,93 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310000 *DUSI, OT9, LA 15 PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL.*
- **5483,73 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600001 *DUSI, OT9, LA 15 PLAN EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SEGURIDADE SOCIAL*

- **"MELLORA DE ZONAS VERDES URBÁNS E BEIRARRÚAS NOS BARRIOS"**:

- **135,60€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 *"MELLORA DE ZONAS VERDES URBANAS E BEIRARRÚAS NOS BARRIOS"*
- **380,33€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 *SEGURIDADE SOCIAL "MELLORA DE ZONAS VERDES URBANAS E BEIRARRÚAS NOS BARRIOS"*

- **O.E. FORMAWEB II:**

- **374,42€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310010 *GASTOS PERSOAL O.E. FORMAWEB INSERCIÓN LABORAL*
- **261,69€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600010 *SSOCIAL O.E. FORMAWEB*

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Actualizar, de conformidade coa motivación anteriormente exposta, as retribucións incluídas nas táboas salariais do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, aplicando unha suba na porcentaxe do 1,5 % con efectos desde o 01/01/2018 e do 0,25 % adicional con efectos desde o 01/07/2018, a todos os traballadores e traballadoras contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, agás ao persoal aos que lles resultou de aplicación a suba do salario mínimo interprofesional para o ano 2018 (peóns e auxiliares administrativos), tal e como se amosa nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

SEGUNDO: Aprobar o incremento salarial por importe total de **10.024,7 €** derivados da entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, aplicando a suba na porcentaxe do 1,5 % con efectos desde o 01/01/2018 e do 0,25 % adicional con efectos desde o 01/07/2018, a todos os traballadores e traballadoras contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego durante o 2018, con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- **VIGO EMPREGA:**

- **3388,93 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310000 *DUSI, OT9, LA 15 PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL.*

- **5483,73 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600001 *DUSI, OT9, LA 15 PLAN EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SEGURIDADE SOCIAL*

- **"MELLORA DE ZONAS VERDES URBÁNS E BEIRARRÚAS NOS BARRIOS":**

- **135,60€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 *"MELLORA DE ZONAS VERDES URBANAS E BEIRARRÚAS NOS BARRIOS"*

- **380,33€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 *SEGURIDADE SOCIAL "MELLORA DE ZONAS VERDES URBANAS E BEIRARRÚAS NOS BARRIOS"*

- **O.E. FORMAWEB II:**

- **374,42€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310010 *GASTOS PERSOAL O.E. FORMAWEB INSERCIÓN LABORAL*

- **261,69€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600010 *SSOCIAL O.E. FORMAWEB*

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

Táboas retributivas do persoal acollido ao *"Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007"*, derivadas da entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo:

TRABALLADORES BENEFICIARIOS:

Categoría	Nº postos	Salario mes	Incremento Salarial	Salario mes Actualizado 01/08/18	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE /Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes Coas dúas actualizac. 2018
Auxiliar topografo	1	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/a	33,75	294,92	1.168,75	1.168,75
Delineante	1	763,98	1,91	765,89	127,65	893,54	893,54	84/-	31,75	283,70	1.177,24	1.177,24
Tecnico PRL	1	763,98	1,91	765,89	127,65	893,54	893,54	84/-	32,75	292,63	1.186,17	1.186,17
Capataz-Construción	4	763,98	1,91	765,89	127,65	893,54	893,54	84/d	37,80	337,76	1.231,30	4.925,19



Concello de Vigo

Oficial al-banel	14	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	16.857,97
Oficial electricista	2	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	2.408,28
Oficial fontaneiro	2	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	2.408,28
Of. Carpintería aluminio	1	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	1.204,14
Oficial Carpintería metálica	1	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	1.204,14
Of. Desinfección	1	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/g	34,70	303,22	1.177,05	1.177,05
Of. Carpintería madeira	1	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	1.204,14
Of. Pintor	2	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	2.408,28
Of. mecánico automoción	1	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	1.204,14
Of. xardinaría	10	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/g	34,70	303,22	1.177,05	11.770,52
Of. conducción	12	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/f	37,80	330,31	1.204,14	14.449,69

13(1358).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE 2 OFICIAIS FERREIROS, 3 OFICIAIS PAVIMENTADORES E 9 AXUDANTES DE OFICIOS SEGUNDO O DISPOSTO NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES, PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS EXPTE. 32809/220.

Visto o informe de fiscalización de data 13/11/18, dáse conta do informe-proposta do 05/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 17/09/2018, o Xefe da Unidade de Mantemento e Vías municipais coa conformidade do concelleiro delegado de fomento, limpeza e contratación, remiten oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de 2 oficiais ferreiros, 3 oficiais pavimentación e 9 axudantes de oficios, por mor da situación existente no Servizo de Vías e Obras e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 15/10/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de

Goberno Local de 2 oficiais ferreiros, 3 oficiais de pavimentación e 9 axudantes de oficios, por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses. Da lista de axudantes de oficios, unicamente aceptan o chamamento 5 oficiais.

3.- Con data 23/10/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer



Concello de Vigo

grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan os recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 243-Oficial pavimentador/a, cód. 237-Oficial ferreiro/a, cód. 147-axudantes de oficios), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no

ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data 17/09/2018, do xefe de da unidade de mantemento de viais municipais e concelleiro delegado de fomento, limpeza e contratación, que obran no expediente, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 15/10/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de 2 oficiais ferreiros, 3 oficiais de pavimentación, e 9 axudantes de oficios, para o



Concello de Vigo

Servizo de Vías e Obras, supón un gasto de **160.196,94 €** (da referida cantidade 42.741,94 €, corresponde a presente exercicio e, 117.455,00 € ao vindeiro exercicio 2019) e ao que haberá que engadirse a cantidade de **58.362,00 €** (da referida cantidade 15.643,51 €, corresponde a presente exercicio e, 42.988,49 € ao vindeiro exercicio 2019), en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no orzamento 2018.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial Sepultureiro, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de:

- D. A. B. Castro Duarte con DNI *****019-F, D^a. P. Bastos Villar con DNI *****578-B e D. E. Lugo Prado con DNI *****923-C, como oficiais pavimentadores/as;

- D. M.A. Vidal García, con DNI *****023-S e D. J. Martínez Alonso con DNI *****295-Y, como oficiais ferreiros;

- D. F. Arroyo Muñoz con DNI *****360-W, D. A. Mera Aira, con DNI *****670-Q, D^a. A. Prieto Almaraz con DNI *****827-V, D. O. Ballesteros Vázquez con DNI *****387-H, D. E.F. Couso Suárez con DNI *****235-N, D^a. L.M. Barrio Martínez con DNI *****088-W, D. A. Sánchez Franco con DNI *****875-D, D. R. Molina Jiménez con DNI *****461-L e D. J. Pena Besada con DNI *****282-P, como axudantes de oficios.

Elo, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral

Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catorce funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como oficiais ferreiros (dous), oficiais de pavimentación (tres), e axudantes de oficios (nove); ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de servizo de vías e obras, que constan no escrito de data 17/09/2018, xefe da unidade de mantemento de vias municipais e concelleiro delegado de fomento, limpeza e contratación; e en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **160.196,94 €** (da referida cantidade 42.741,94 €, corresponde a presente exercicio e, 117.455,00 € ao vindeiro exercicio 2019), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a:

- D. A. B. Castro Duarte con DNI *****019-F, D^a. P. Bastos Villar con DNI *****578-B e D. E. Lugo Prado con DNI *****923-C, como oficiais pavimentadores/as;

- D. M.A. Vidal García, con DNI *****023-S e D. J. Martínez Alonso con DNI *****295-Y, como oficiais ferreiros;

- D. F. Arroyo Muñoz con DNI *****360-W, D. A. Mera Aira, con DNI *****670-Q, D^a. A. Prieto Almaraz con DNI *****827-V, D. O. Ballesteros Vázquez con DNI *****387-H, D. E.F. Couso Suárez con DNI *****235-N, D^a. L.M. Barrio Martínez con DNI *****088-W, D. A. Sánchez Franco con DNI *****875-D, D. R. Molina Jiménez con DNI *****461-L e D. J. Pena Besada con DNI *****282-P, como axudantes de oficios.

Elo na súa condición de seguintes aspirantes e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: posto cód. 237-Oficial ferreiro/a, cód. 243-Oficial pavimentador/a, cód. 147-axudantes de oficios, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), sendo adscrito o Servizo de Vías e Obras, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías



Concello de Vigo

profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido segundo as necesidades, pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida, ou a quendas; garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ao Xefe da Unidade de mantemento de viais municipais, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1359).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE DOUS/DÚAS SUBALTERNOS/AS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DO RD LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES, PARA CONSERXERÍA. EXPTE. 32880/220.

Visto o informe de fiscalización de data 13/11/18, dáse conta do informe-proposta do 06/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 19/10/2018, a Xefa da Área de Réxime Interior, remite escrito manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas subalternos/as por mor da situación existente no Servizo de CONserxería, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 26/10/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a

correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas subalternos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 30/10/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-



Concello de Vigo

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-subalterno, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa da Área de Réxime interior de data 19/10/2018, así como na intrucción de servizo de data 26/10/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.



Concello de Vigo

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas subalternos/as para o Servizo de Conserxería, supón un gasto de **21.677,45 €** (da referida cantidade 5.783,73 € corresponde a o presente exercicio e 15.893,72 € ao vindeiro exercicio), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **6.795,61 €** (da referida cantidade 1.813,13 € corresponde a o presente exercicio e 4.982,48 € ao vindeiro exercicio) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D^a. M.S. Cernadas Orge con DNI *****664-S e D^a. I. Ricoy Malvido con DNI *****369-P, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

As mesmas aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **subalternos/as**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito de 19/10/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **21.677,45 €** (da referida cantidade 5.783,73 € corresponde a o presente exercicio e 15.893,72 € ao vindeiro exercicio), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. M.S. Cernadas Orge con DNI *****664-S e D^a. I. Ricoy Malvido con DNI *****369-P, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscrito/a ao Servizo de Conserxería, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós aspirantes nomeado/as, a Xefa da Área de Réxime Interior, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1360).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA SUBALTERNO/A BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DO RD LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES, PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS. EXPTE. 32838/220.

Visto o informe de fiscalización de data 13/11/18, dáse conta do informe-proposta do 05/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 19/10/2018, a Xefa do Servizo de Educación, remite escrito manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha subalterno/a por mor da situación existente na EMAO, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 19/10/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha subalterno/a por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 26/10/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del**



Concello de Vigo

ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-subalterno, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo de Educación, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 19/10/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas subalternos/as para o Servizo de Educación, supón un gasto de **10.822,31 €** (da referida cantidade 3.548,30 € corresponde a o presente exercicio e 7.274,01 € ao vindeiro exercicio), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.392,66 €** (da referida cantidade 1.112,35 € corresponde a o presente exercicio e 2.280,31 € ao vindeiro exercicio) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D^a. M.J. Davila Moldes, con DNI *****427-J, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o



Concello de Vigo

ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

A mesma aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **subalterno/a**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, contidas no escrito de 15/10/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **10.822,31 €** (da referida cantidade 3.548,30 € corresponde a o presente exercicio e 7.274,01 € ao vindeiro exercicio), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. M.J. Davila Moldes, con DNI *****427-J, na súa condición de seguinte aspirante nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscrito/a ao Servizo de Educación, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables,

restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, a Xefa do Servizo de Educación, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1361).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE DO ARTIGO 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE XUVENTUDE. EXPTE. 32930/220.

Visto o informe de fiscalización do 15/11/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 09/10/2018, a Xefa do Servizo de Xuventude e a Concelleira delegada de igualdade, xuventude e normalización lingüística, remite oficio manifestando a urxente necesidade de auxiliares de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 12/11/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de



Concello de Vigo

Goberno Local de dous/dúas auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 13/11/2018, emítese polo Técnico de organización e planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.



Concello de Vigo

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa de xuventude e a concelleira delegada de Igualdade, Xuventude e Normalización Lingüística así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 12/11/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de dous/dúas auxiliares de administración xeral para o Servizo de Xuventude, supón un gasto de **23.495,87 €** (dos que 4.480,05 €, corresponde a presente exercicio e, 19.015,82€ ao vindeiro exercicio 2019), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.205,92 €** (dos que 1.367,59 €, corresponde a presente exercicio e, 5.838,33€ ao vindeiro exercicio 2019) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser nomeadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **Seoane Liberata, R., con DNI ****029-F e Rodríguez García, Y., con DNI ****286-J**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

O/a mesmo/a aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **auxiliares de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do Servizo de Xuventude contidas no escrito do 09/10/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **23.495,87 €** (dos que 4.480,05 €, corresponde a presente exercicio e, 19.015,82€



Concello de Vigo

ao vindeiro exercicio 2019), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **Seoane Liberata, R., con DNI ****029-F e Rodríguez García, Y., con DNI ****286-J**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a ao Servizo de Xuventude, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, á Xefa de Xuventude, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos. Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe-proposta.

17(1362).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLO EFECTIVO CON NÚMERO DE PERSOAL 82209

(EXPEDIENTE 32717/220, SOBRE COBERTURA DE PRAZA VACANTE). EXPTE. 32920/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/11/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE HECHO

I.- En data 19/09/2018 o funcionario interino nº persoal 82209 presenta escrito polo que solicita poder cubrir a vacante de interino con cargo a praza da oferta 2017 por discapacidade.

II.- O solicitante foi nomeado funcionario interino con cargo a praza vacante de Subalerno, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalernos/as, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008.

III.- Con data 28 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, adoptou o acordo de aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 (BOP de data 29/12/2017), que inclúe, entre outras unha praza de subalerno reservada para persoas con discapacidade.

IV.- Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/10/2018 acordouse “Desestimar a solicitude do funcionario no persoal 82209 de ser nomeado funcionario interino con cargo a praza vacante de subalerno reservada a persoas con discapacidade correspondente a oferta 2017.”

V.- Na data 09/11/2018, o funcionario interino nº persoal 82209, interpón recurso de reposición contra o citado acordo.

II.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

1.- Constitución española

2.- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

3.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido del Estatuto Básico do Empregado Público.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Lexitimación e prazo.

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición.

No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.



Concello de Vigo

No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación do recorrente posto que é titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polo recorrente, en tanto que o 09/10/2018, foi notificado o acordo agora impugnado, presentando o recurso o día 09/11/2018.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou argumentum ad iudicium que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a sensu contrario.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Alegacións.

O recorrente interpón recurso alegando en síntese os argumentos da solicitude, engadindo que no Concello de Vigo, no nomeamento de funcionarios interinos, nin existe “lista de reserva de persoas con discapacidade”, é dicir, non existe ningún tipo de acción positiva encaminada a igualdade efectiva establecida no artigo 14 da CE.

As novas alegacións do recorrente non desvirtúan o establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local agora recorrido, e cuxos fundamentos xurídicos polo que aquí interesa, reproducimos a continuación:

“II.- O funcionario interino na normativa vixente.-

A figura do funcionario interino está intensamente regulada, especialmente no relativo a seu nomeamento e cese. Dado que trátase dunha figura temporal, seu nomeamento debe realizarse cando concorra algunha das causas tasadas previstas e atendendo a procedementos áxiles pero que, en todo caso, deben respectar tamén os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O lexislador estableceu un nomeamento “causal”. Únicamente pódese nomear legalmente a un interino cando a Administración se atope con algún de estos catro supostos tasados:

- a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible súa cobertura por funcionarios de carreira.
- b) A substitución transitoria dos titulares.
- c) A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento de este Estatuto.

d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Pode dicirse que o noso lexislador regulou o réxime xurídico da interinidade con gran detalle. Estos nomeamentos unicamente están xustificadas en casos excepcionais de indubidable e estrita necesidade, nos que resulte inaprazable a cobertura dun posto, e que os mesmos solo se poden realizar por un tempo determinado, que será o imprescindible para que as prazas correspondentes podan cubrirse por funcionarios de carreira.

En relación cos artigos 9 e 10 del TRLEBEP (RDL 5/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido del Estatuto Básico del Empleado Público), expresouse a xurisprudencia nos seguintes termos “mientras los funcionarios de carrera

están vinculados a la Administración Pública a través de una relación estatutaria sujeta al Derecho Administrativo, para la prestación de servicios retribuidos de carácter permanente, siendo tal carácter permanente una de las notas definitorias de su régimen jurídico, los funcionarios interinos se caracterizan precisamente por lo contrario, es decir, por estar vinculados a la Administración Pública para el desempeño

de servicios profesionales retribuidos en los supuestos tasados previstos en la ley, cuya nota común es la temporalidad, y sólo cuando existan razones fundadas de necesidad y urgencia. Así a propia dicción literal dos supostos tasados na lei nos que cabe o nomeamento dos funcionarios interinos fai referencia expresamente ao carácter temporal

da ocupación das prazas destinadas aos funcionarios de carreira, ó utilizar expresións como “substitución transitoria”, “prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce”, “programas de carácter temporal”, e existencia de vacantes mentres non podan ser ocupadas por funcionarios de carrera”. (STSJ de Valencia de 17 de junio de 2015, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 2ª).

Do exposto ata agora xa cabe concluír que non é posible estimar a solicitude do funcionario nº persoal 82209, xa que o nomeamento de funcionarios interinos en calquera das circunstancias previstas legalmente (neste caso cobertura de vacantes), so é posible nos casos excepcionais de indubidable e estrita necesidade, respondendo a motivos de interese público e necesidades de administración, e nunca a unha petición individual da persoa interesada no citado nomeamento.

III.- Funcionamento das listas de reserva no Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015 adoptou o acordo de aprobar “Os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do concello de Vigo (Expte: 26797-220)

Reproducimos polo seu interese aos efectos que nos ocupan parte do anexo único apartado II “dereitos das persoas en lista de reserva” o cal dispón que “As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino.

A pertenza a unha lista de reserva unicamente xenerará o dereito a ser notificado, pola vía que se determina no presente documento, daquelas ofertas de nomeamento como funcionario/a interino/a que o Concello de Vigo aprrobe consonte ao disposto no artigo 10 do



Concello de Vigo

Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do EBEP, e no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e que se concretan en:

a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.

...

Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo.”

Pois ben, derivado dos procesos selectivos convocados para a provisión de once prazas de subalterno, da OEP do Concello de Vigo correspondente ao ano 2008, creouse unha lista única incluíndo en ela, segundo a puntuación obtida todas as persoas que sen obter praza superaron todas as probas, ocupando o solicitante o posto nº 5 da citada lista única. Consecuencia de formar parte desa lista única, o solicitante foi nomeado en diversas ocasións como funcionario interino por acumulación de tarefas, desenvolvendo as funcións con adaptación do posto, ata que o 17/04/2017 foi nomeado con cargo a praza vacante de Subalterno, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalternos/as, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, desenvolvendo as súas funcións. O feito de ocupar esa posición na lista (posto número 5) supón a preferencia de nomeamento en relación coa seguinte persoa da citada lista, de forma que se o solicitante no fora integrado en ela, a persoa que estaría ocupando a praza vacante que él ocupa na actualidade, sería ocupada pola seguinte persoa da lista. O solicitante non impugnou a creación da bolsa única en ningún momento mentres foi nomeado con cargo a ela, beneficiándose de súa posición na lista de reserva creada e debidamente publicada. É agora, unha vez que se aproba a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 (BOP de data 29/12/2017), que inclúe unha praza de subalterno reservada para persoas con discapacidade, cando o funcionario nº de persoal 82209, pretende na práctica dissociar de esa lista única as persoas con discapacidade, para así poder volver a ser nomeado para cubrir esa praza vacante correspondente a OEP 2017 reservada a persoas con discapacidade. Estimar a súa solicitude entendo que suporía unha vulneración da normativa vixente, permitindo un trato de privilexio que implicaría unha vulneración do principio de igualdade que rise o acceso ao emprego público, de conformidade cos artigos 9, 3, 14, e 103 da Constitución de 1978, en relación co artigo 55 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que no seu apartado primeiro dispón que “Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.”

Engadindo a todo o anterior, temos ademais a pretensión do solicitante é contraria aos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do concello de Vigo”. Como se expuso con anterioridade os citados criterios establecen que “Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira

persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo.” Así que non é posible aplicando os criterios existentes que un funcionario interino poda “encadear” nos seus nomeamentos unha cobertura de praza vacante con outra, xa que no suposto de provisión interina dunha praza vacante, se procede o chamamento da primeira persoa da lista, incluíndo as que se atopen prestando servizos no concello de Vigo, en todas as modalidades do apartado 10 do artigo citado, a excepción do suposto a), que é precisamente a existencia de prazas vacantes que non poden ser cubertas con funcionarios de carreira.”

- En atención aos mesmos argumentos procede a desestimación do recurso, concluíndo que:

. O nomeamento de funcionarios interinos en calquera das circunstancias previstas legalmente (neste caso cobertura de vacantes), so é posible nos casos excepcionais de indubidable e estrita necesidade, respondendo a motivos de interese público e necesidades de administración, e nunca a unha petición individual da persoa interesada no citado nomeamento.

. O solicitante non impugnou a creación da bolsa única en ningún momento mentres foi nomeado con cargo a ela, beneficiándose de súa posición na lista de reserva creada e debidamente publicada.

. Non é posible aplicando os criterios existentes que un funcionario interino poda “encadear” nos seus nomeamentos unha cobertura de praza vacante con outra, xa que no suposto de provisión interina dunha praza vacante, se procede o chamamento da primeira persoa da lista, incluíndo as que se atopen prestando servizos no concello de Vigo, en todas as modalidades do apartado 10 do artigo citado, a excepción do suposto a), que é precisamente a existencia de prazas vacantes que non poden ser cubertas con funcionarios de carreira

Atendendo aos fundamentos xurídicos anteriores, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar de conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, o recurso de reposición, interposto polo funcionario interino nº persoal 82209 (doc nº 180179691)

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe-proposta.

18(1363).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLO EFECTIVO CON NÚMERO DE PERSOAL 78138 (EXPEDIENTE NÚM.: 32382/220, SOBRE RECOÑECIMENTO DE DEREITO E CANTIDADES). EXPTE. 32938/220.

Dáse conta do informe-proposta do 13/11/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE HECHO

I.- En data 29/06/2018 o funcionario municipal con nº persoal 78138, solicitou recoñecemento de dereitos e cantidades (abono gratificación exceso de xornada), baseado na non inclusión do importe das pagas extras no calculo do aboamento do exceso de xornada realizado.

II.- Nas instrucións de plantilla vixentes, no apartado cuarto a) servizos extraordinarios, regula a fórmula de cálculo da hora extraordinaria, aboándose de acordo ao previsto no Acordo Regulador das condicións de traballo. "Unha vez realizados os servizos de carácter extraordinario que excedan da xornada norma de traballo e que por circunstancias extraordinarias debidamente xustificadas polo Xefe do Servizo conforme non poidan ser compensados con descanso -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundamentada do xefe do servizo-, aboaranse aplicando o importe previsto no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación; a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 e o resultado por 7,25 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso, sen prexuízo das recargas que procedan por nocturnidade ou festividade."

III.- A súa solicitude foi desestimada mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/10/2018.

IV.- Na data 09/11/2018 o funcionario municipal nº persoal 78138, interpón recurso de reposición contra o citado Acordo da Xunta de Goberno Local.

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- 1.- Constitución española
- 2.- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- 3.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- 4.- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido del Estatuto Básico do Empregado Público.
- 5.- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- I.- Lexitimación e prazo.

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición.

No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación do recorrente posto que é titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polo recorrente, en tanto que o 22/10/2018, foi notificado o acordo agora impugnado, presentando o recurso o día 09/11/2018.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou argumentum ad iudicium que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a sensu contrario.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Alegacións.

O recorrente interpón recurso alegando os mesmos feitos que na súa resolución, entendendo que o abono das horas realizadas en exceso de xornada, é incorrecto toda vez que o valor é inferior ao que lle corresponde legalmente. Entende que debe incluírse na fórmula utilizada as pagas extraordinarias.

As alegacións do recorrente non desvirtúan o establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local agora recorrido, e cuxos fundamentos xurídicos polo que aquí interesa, reproducimos a continuación:

“II.- Os servizos extraordinarios na normativa vixente.-

O artigo 92.1 da LBRL, na redacción introducida pola Lei 27/2013 de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, ven a establecer a prelación no sistema de fontes normativas de aplicación aos funcionarios locais, indicando que, en primeiro lugar, les será de aplicación a propia Lei 7/1985, e no non disposto por ela “(...) la Ley 7/2007, de 12 de



Concello de Vigo

abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, por la restante legislación del Estado en materia de función pública, así como por la legislación de las Comunidades Autónomas, en los términos del artículo 149.1.18.^a de la Constitución.”

A cita do Estatuto Básico do Empleado Público haberá que entendela na actualidade referida ao Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público (TREBEP). De acordo a esa prelación, e no que se refire ás retribucións o artigo 93 da LBRL dispón:

- “1. Las retribuciones básicas de los funcionarios locales tendrán la misma estructura e idéntica cuantía que las establecidas con carácter general para toda la función pública.
2. Las retribuciones complementarias se atenderán, así mismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos.
3. Las Corporaciones locales reflejarán anualmente en sus Presupuestos la cuantía de las retribuciones de sus funcionarios en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública”.

Pola súa banda o artigo 24 do RDL 5/5015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido del Estatuto Básico do Empleado Público, dispón que “La cuantía y estructura de las retribuciones complementarias de los funcionarios se establecerán por las correspondientes leyes de cada Administración Pública atendiendo, entre otros, a los siguientes factores:...d) **Los servicios extraordinarios prestados fuera de la jornada normal de trabajo.**”

La Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, establece no seu apartado 3.” Son retribuciones complementarias:

- **a)** El complemento de destino correspondiente al nivel del puesto que se desempeñe.
- **b)** El complemento específico destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, responsabilidad, incompatibilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo.
- **c)** El complemento de productividad destinado a retribuir el especial rendimiento, la actividad extraordinaria y el interés o iniciativa con que el funcionario desempeñe su trabajo.

Su cuantía global no podrá exceder de un porcentaje sobre los costes totales de personal de cada programa y de cada órgano que se determinará en la Ley de Presupuestos. El responsable de la gestión de cada programa de gasto, dentro de las correspondientes dotaciones presupuestarias determinará, de acuerdo con la normativa establecida en la Ley de Presupuestos, la cuantía individual que corresponda, en su caso, a cada funcionario.

En todo caso, las cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de conocimiento público de los demás funcionarios del Departamento u Organismo interesado así como de los representantes sindicales.

- **d)** Las gratificaciones por servicios extraordinarios, fuera de la jornada normal, que en ningún caso podrán ser fijadas en su cuantía y periódicas en su devengo.

Xunto a esta legislación de carácter básico, cóntase cunha normativa regulamentaria especificamente aplicable aos funcionarios locais - Real Decreto 861/1986, de 25 de abril,

polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local - , dita, como indica o seu preámbulo, en desenvolvemento da Lei reguladora das Bases do Réxime Xeral. Esta normativa, logo de incidir que os funcionarios locais solo poderán ser retribuídos polos conceptos establecidos legalmente, refírese ás gratificacións no artigo 6 “... Las gratificaciones, que en ningún caso podrán ser fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo, habrán de responder a servicios extraordinarios realizados fuera de la jornada normal de trabajo.”

Da normativa exposta cabe concluír que non existe un concepto de abono de horas extraordinarias referido ás retribucións dos funcionarios, polo que carece de cobertura legal algunha o pago de horas extraordinarias, si ben os servizos desenvolvidos fora da xornada habitual deben ser retribuídos mediante gratificacións por servizos extraordinarios despois de que tales servizos sexan realizados fóra da xornada normal.

III.- Ámbito do Concello de Vigo.-

Nas instrucións de plantilla vixentes, no apartado cuarto a) servizos extraordinarios, regula a fórmula de cálculo da hora extraordinaria, aboándose de acordo ao previsto no Acordo Regulador das condicións de traballo. Tal como consta no informe técnico anexo ao expediente “No ámbito normativo interno para o funcionamento de esta organización municipal, a gratificación por servizos extraordinarios se atopa regulada no art 13 do Acordo Regulador das condicións socioeconómicas dos traballadores o servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1998, prorrogado para o vixente exercicio, e no Convenio colectivo de los empleados integrados en el cuadro de personal del Ayuntamiento de Vigo (BOP 11/3/1999), no que se dispón: “Consideranse como servizos extraordinarios aqueles que excedan da xornada normal de traballo en cómputo mensual e só se autorizarán por necesidades do servizo, en caso de que as funcións deste non poidan ser realizadas dentro da xornada normal de traballo polo persoal dispoñible.

O empregado poderá compensalo con descanso no momento en que o considere oportuno, salvo necesidades do servizo debidamente xustificadas. Tamén poderá solicitar que se lle acumulen como permiso para anticipa-la súa xubilación, para estes efectos establecerase o corresponde rexistro na Unidade de Persoal.

/.../

As horas extraordinarias non compensadas con descansos unha vez transcorridos catro meses desde a súa realización aboaranse por cuatrimestres naturais ó valor do importe da hora normal de traballo.”

Na Disposición Transitoria sexta apartado Terceiro recollese que: “As horas en exceso sobre a xornada normal de traballo que se produzan ao longo do ano compensaranse preferentemente con descansos. Non obstante, cada cuatrimestre, aboaranse como gratificación por servizos especiais, aquelas en que transcorridos mais de catro meses desde que se realizaron, non puideron ser compensadas por motivo do servizo.

Dita gratificación por xornada en exceso aboarase ao mesmo importe que o desconto proporcional de retribucións, dividendo as retribucións fixas e periódicas do empregado no mes correspondente por 30 días e o seu resultado por 7.15 h. O valor así obtido, multiplicarase polas realizadas en exceso.

O seu importe incrementarase cos recargos que procedan por nocturnidade, domingos e festivos”.

En conclusión, a regulación de cálculo e recargas está definido nas Instrucións da Plantilla, tendo a súa causa nos pactos e acordos acadados no Convenio Regulador Vixente.



Concello de Vigo

Establecéndose a súa base sobre as retribucións fixas e periódicas mensuais, nas que non están, as pagas extraordinarias por non ter esta condición, sen que se poida establecer unha analoxía coas retribucións do persoal laboral en canto ao cálculo da contía da hora extraordinarias previstas no ámbito privado pero non para os funcionarios públicos. En atención a todo o exposto, procede desestimar as solicitudes.”

- En atención aos mesmos argumentos e toda vez que as alegacións do recurso non desvirtúan o xa manifestado no acordo agora recurrido, procede a desestimación do recurso.

Atendendo aos fundamentos xurídicos anteriores, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar de conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, o recurso de reposición, interposto polo funcionario interino nº persoal 78138 (doc nº 180180146)

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe-proposta.

19(1364).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN PROGRAMA DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN PÚBLICA. EXPTE. 439/1102.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/11/18, asinado pola secretaria do Goberno Local e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A aprobación das Directivas europeas en materia de contratación (Directiva 2014/24/UE, sobre contratación pública, a Directiva 2014/25/UE, relativa á contratación por entidades que operan nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, e a Directiva 2014/23/UE, relativa á adxudicación de contratos de concesión) introduciu novos mecanismos na mellora da integridade na contratación pública, que se acollen no ordenamento xurídico coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que inclúe a integridade no seu artigo 1, como un dos principios reitores da contratación pública, e que no seu artigo 64.11 impón aos órganos de contratación o deber de adoptar as

medidas axeitadas para loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

O órgano de contratación do Concello de Vigo é a Xunta de Goberno Local, en aplicación do disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP, e, sen prexuízo daquelas delegacións que en determinadas materias ten efectuado nos órganos de goberno unipersoais, polo que este órgano se atopa directamente afectado polas previsións establecidas no devandito artigo 64 e, polo tanto, debe actuar como garante da imparcialidade e independencia do persoal ao seu servizo que participe ou poida influír no procedemento de licitación, así como adoptar cantas medidas repercutan positivamente na integridade da contratación pública.

O Concello de Vigo ten unha longa traxectoria en materia de integridade, tanto na dimensión de transparencia como de bo goberno, como pode comprobarse na xestión das obrigas legalmente establecidas na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información e o recoñecemento da mesma a través das boas prácticas municipais pola Rede de Entidades Locais pola Transparencia e a Participación Cidadá da FEMP e no ámbito da contratación xa viña adoptando medidas nesa liña de acción con anterioridade á entrada en vigor da nova normativa, como o amosa o recoñecemento como boa práctica da xestión da publicidade activa dos contratos menores.

Así mesmo, en execución das políticas públicas de transparencia e integridade, o Concello de Vigo daba un paso máis coa súa integración como Socio Titular, mediante acordo plenario de data 30.03.2015, na *“Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana”* da *Federación Española de Municipios y Provincias*, de acordo co disposto no artigo 8 das Normas de Funcionamento e Organización da mesma e cumprir os seus fins estatutarios e co acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2015, de adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP.

Para seguir avanzando nesta materia cómpre adoptar unha estratexia conxunta que permita dar unha maior visibilidade á xestión municipal da integridade na contratación pública, aliñada coas novas esixencias normativas, e na procura da mellora continua e da rendición de contas. En concordancia con este obxectivo con data 02.10.2018, por resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal, ditouse resolución de incoación de expediente administrativo para a coordinación e seguimento dos mecanismos municipais de integridade na contratación pública.

O novo marco legal fixado pola Lei 9/2017, do 1 de outubro, recollendo o principio de integridade no seu artigo 1 como un eixo do modelo de contratación estratéxica, a aposta pola transparencia como un dos obxectivos principais da norma e, en particular, coa reconfiguración do perfil do contratante, a apertura dos datos para promover a súa reutilización e unha maior *accountability*, a introdución de mecanismos para a prevención e control dos conflitos de intereses, medidas activas para a implantación dos límites á contratación menor e o seguimento dos expedientes a través das ferramentas electrónicas, constitúen tan só algúns dos exemplos das prácticas de integridade na contratación do Concello de Vigo, que aconsellan, dende un punto de vista formal, a adopción dos correspondentes acordos do órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local, para a súa sistematización, difusión e seguimento.



Concello de Vigo

As ditas finalidades acadaranse no marco dun Programa de Integridade na Contratación pública para a coordinación e seguimento dos mecanismos municipais xa existentes e a adopción de novas ferramentas, a efectos de integrar o conxunto de medidas adoptadas polo Concello na materia e aliñar o seu desenvolvemento no marco dunha estratexia global, programa que será obxecto de execución polo Comité Técnico de Integridade na Contratación, que se integrará por:

- A titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo, en atención ás competencias legalmente atribuídas en materia de informe nos procedementos de contratación municipal.
- O interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso, en atención ás competencias legalmente atribuídas en materia de control e fiscalización da contratación municipal.
- O tesoureiro municipal, D. Luis García Álvarez, en atención ás funcións de responsable da Dirección Superior Contable e Orzamentaria da contratación municipal.
- A xefa do Servizo de Contratación, Dna. Beatriz Barbará Rodríguez, en atención ás funcións de responsable da xestión e tramitación da contratación municipal.
- A secretaria do Goberno Local, Dna. M^a Concepción Campos Acuña, en atención ás competencias legalmente atribuídas en materia de transparencia e acceso á información pública da contratación municipal.
- O xefe do servizo de Administración electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns, en atención ás funcións de responsable da tramitación electrónica en materia de contratación municipal.

Conforme coa Resolución de delegación de competencias da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 pola que lle corresponden á Concellería-Delegada de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica as competencias en materia de administración electrónica, sinaladamente, entre outras, planificar, deseñar e executar a estratexia municipal para garantir a implantación das obrigas legais en materia de transparencia, implicando e coordinando a totalidade da organización municipal no marco das súas áreas funcionais, así como as demais recoñecidas na dita delegación.

Polo exposto, no exercicio das competencias atribuídas por delegación a esta Concellería por Resolución de Alcaldía do 19 de xuño de 2015, e por acordo a Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2016, e posteriores modificacións, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar a posta en marcha dun Programa de Integridade na Contratación pública para a coordinación e seguimento dos mecanismos municipais xa existentes e a adopción de novas ferramentas, para os efectos de integrar o conxunto de medidas adoptadas polo Concello na materia e aliñar o seu desenvolvemento no marco do disposto no artigo 64 da Lei de Contratos do Sector Público como unha estratexia global e transversal ao conxunto da organización municipal.

Segundo.- Constituír, para os efectos de garantir a realización das medidas que resulten precisas, un Comité Técnico de Integridade na Contratación, que se integrará por:

- A titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo.
- O interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso.
- O tesoureiro municipal, D. Luis García Álvarez.
- A secretaria do Goberno Local, Dna. M^a Concepción Campos Acuña.
- A xefa do Servizo de Contratación, Dna. Beatriz Barbará Rodríguez.
- O xefe do servizo de Administración electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo aos membros da Comisión Técnica e ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e polo conxunto da organización municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe-proposta.

20(1365).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA TRAVESÍA ESCOLAS PÚBLICAS”, APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 15/11/18. EXPTE. 122/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/11/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do servizo xurídico-Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 15 de novembro de 2018, acordou entre outros asuntos:

“Primeiro.- Aprobar a declaración de tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución das obras do PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ESCOLAS PÚBLICAS”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Pablo López Fernández e polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. José Manuel Fouces Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVENTA E NOVE MIL SETECENTOS ONCE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (299.711,11 EUROS) de data outubro de 2018, e con sinatura dixital de data 18/10/2018 e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través do procedemento e tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 06.11.2018”

II.- Revisado o expediente detectase un erro material na data do Prego de Cláusulas Administrativas que rexerá o contrato 06.11.2018, cando a data correcta do PCAP é o 14.11.2018.

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- O artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as administracións públicas poderán, así



Concello de Vigo

mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o erro no Acordo da Xunta de Goberno de data 15 de novembro de 2018 no referente á data do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, debendo constar a data correcta do 14.11.2018 , polo que o mesmo debera figurar como segue:

“Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 14.11.2018”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe-proposta.

21(1366).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE USO DE PRAZA DE GARAXE NO PARKING DE JENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 2200/449.

Visto o informe de fiscalización do 19/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 16/11/18, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Que na data 20 de xuño de 1994 foi aprobado polo Pleno da Corporación o prego de condicións do aparcamento subterráneo de Jenaro de la Fuente.

Que na data 14 de febreiro de 1995 foi adjudicada a UTE formada por Construción de obras e Viales S.A. e Mirón y Gutierrez S.L. a concesión administrativa para a construción de aparcamentos subterráneos e a subsiguiente xestión do servizo de estacionamento para vehículos automóviles situado na Unidade de actuación de Jenaro de la Fuente por un prazo concesional de 99 anos.

Que Dª Margarita Mirón Gutierrez en nome e representación da UTE Construción de obras e Viales S.A. e Mirón y Gutierrez S.L. como adjudicataria da concesión administrativa das obras e explotación do aparcamento subterráneo en Jenaro de la Fuente solicita a cesión dos dereitos do adjudicatario da concesión acordada polo pleno en data 14 de febreiro de 1995, a favor da empresa Aparcamiento Jenaro de la Fuente S.L. autorización que foi concedida por acordo plenario de data 13 de decembro de 1997.

Que na data 9 de abril de 1999, D: Juan Carlos Garcia Pacho outorga escritura de compravenda ante o notario D. José Antonio Somoza Sánchez pola que adquire da entidade Aparcamiento Jenaro de la Fuente S.L., dona en réxime de concesión administrativa polo prazo de 99 anos, a praza de garaxe con bodega-trastero numero 229 de una superficie de 11,50 metros cadrados a praza de garaxe, e 4,73 metros cadrados a bodega trastero que linda norte coa ultima rua de circulación de vehículos; sur parcelas 49 de Mariola Fidel Dominguez , 50 e 51 de Mª Dolores Dominguez , 52 de Mercedes Gonzalez e 53 de

Caixavigo; oeste , con praza de garaxe nº 228 en liña de 4,50 metros e Este , con praza de garaxe nº 230 en liña de 4,50 metros .

Que na data 26 de marzo de 2018 D^a Clara Llamazares Garcia otorga escritura de aceptación e adjudicación de herdanza do seu pai D. Juan Carlos Garcia Pacho falecido na data 9 de xaneiro de 2018 , na notaria de D^a Carmen Ana Vazquez Arias de León nº de protocolo 452 incluíndose na mesma a praza de garaxe con bodega trastero nº 229 situada no soto, o mais profundo do edificio en construción destinado a aparcamento na parcela 54 situada no polígono de actuación de Jenaro de la Fuente , no plan especial de reforma interior do Polígono do Calvario de Vigo dunha superficie de 11,50 metros cadrados a praza de garaxe e 4,73 metros cadrados a bodega trastero que linda norte coa ultima rúa de circulación de vehículos; sur parcelas 49 de Mario Fidel Dominguez , 50 e 51 de M^a Dolores Dominguez , 52 de Mercedes González e 53 de Caixavigo; oeste , con praza de garaxe nº 228 en liña de 4,50 metros e Este , con praza de garaxe nº 230 en liña de 4,50 metros .

INFORME:

De conformidade co disposto na base XXV do prego de condicións que rexe a concesión do aparcadoiro subterráneo de Jenaro de la Fuente aprobado por acordo plenario de data 20 de xuño de 1994, poderanse establecer cesións de uso e desfrute das prazas de aparcamento perante o período da concesión, regulándose nas cláusulas XXIX XXX , XXXI, XXIV e XXXV as condicións dos contratos de cesión. Ni no citado prego ni no acordo de adjudicación de data 14 de febreiro de 1995 recollese de forma expresa, a forma de transmisión da cesión de uso dunha praza cedida; non obstante na cláusula XXXVII fíxase que calquera modificación que se pretenda introducir no aparcamento ou no seu uso, deba ser autorizada previamente polo Concello .

En relación cos prezos da cesión das prazas para residentes as mesmas fíxanse no apartado segundo do acordo de adjudicación de data 14 de febreiro de 1995 e o prezo da transmisión dos dereitos de cesión das mesmas deba realizarse de conformidade co establecido nas cláusulas XXXIV e XXXV do prego de condicións que rexe a concesión.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no apartado 4 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei 9/ 2017 de 8 de novembro de Contratos do sector publico.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO :

PRIMEIRO .- Autorizar a D^a Clara Llamazares Garcia , a transmisión do dereito de uso e desfrute da praza de garaxe con bodega-trastero nº 229 situada no aparcamento situado no polígono de actuación de Jenaro de la Fuente, no plan especial de reforma interior do Polígono do Calvario de Vigo, dunha superficie de 11,50 metros cadrados a praza de garaxe e 4,73 metros cadrados a bodega-trastero que linda norte coa ultima rúa de circulación de vehículos; sur parcelas 49 de Mario Fidel Dominguez , 50 e 51 de M^a Dolores Dominguez , 52 de Mercedes González e 53 de Caixavigo; oeste , con praza de garaxe nº 228 en liña de 4,50 metros e Este , con praza de garaxe nº 230 en liña de 4,50 metros .



Concello de Vigo

O prezo máximo da transmisión do dereito de uso será o ofertado polo licitador, actualizado de conformidade coa fórmula que figura nas cláusulas XXXIV e XXXV do prego de condicións que rexe a concesión.

SEGUNDO: Informar a D^a Clara Llamazares Garcia que unha vez formalizada a transmisión deba dar traslado da mesma ao Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe-proposta.

22(1367).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez